

cultura

Atopan dúas lápidas de orixe romana nas obras do centro. **Pax. 8**

sociedade

Presentan a iniciativa Lugo a Pé para promover as camiñadas. **Pax. 12**

economía

O Concello conxela as taxas, que serán adaptadas á nova normativa. **Pax. 15**

medio rural

Consolidan os restos arqueolóxicos de San Xoán de Pena para visitas. **Pax. 16**

deportes

Hugo Iglesias gaña o Volante Deputación e o Club Fluvial a Copa de piragüismo. **Pax. 30**

O San Froilán marca o ritmo do outono



Rematan dúas citas previas ás festas

O Caudal Fest e a Semana de Cine conclúen unha nova edición cun gran éxito. **Pax. 8**

En marcha varias obras para o deporte

Comezan as remodelacións do Pazo e rematan outras melloras en campos. **Pax. 21**

A Deputación insiste no tema sanitario

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a inminente xubilación de médicos dos concellos. **Pax. 28**

Sociedade Filarmónica



Presentou a nova tempada de concertos, que comeza o 20 deste mes. **Pax. 10**

Día do Veciño



O 22 celebrarase a edición desta cita, na que participan 300 colectivos. **Pax. 12**

Ponte Romana



Comeza a obra de consolidación, unha intervención urxente. **Pax.18**



Salvatierra

ABOGADOS

CONCIERTE CITA Y CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO

Tel.: 982 227 783 • San Roque, 14-20. Entlo. izda. - LUGO

TAMBIÉN ON-LINE

salvatierraabogados@salvatierra-abogados.es

Despacho en: FOZ • VIVEIRO • LUGO

Reclama de forma gratuita los gastos de tu hipoteca
¡100% GRATUITO, SIN COSTES!

¿Quién puede reclamarlos?

Todo aquel que tenga o haya tenido un préstamo hipotecario. Tanto si su hipoteca está activa, como si ya ha vendido su casa o si ha realizado renovaciones sobre el préstamo inicial.

¿Qué se necesita?

Tan solo se necesita aportar los siguientes documentos de gastos:

1. Factura de la NOTARÍA correspondiente a la Escritura de Préstamo Hipotecario.
2. Gastos de TASACIÓN de la vivienda.
3. Factura del REGISTRO DE LA PROPIEDAD por la inscripción de la Hipoteca.
4. Gastos de GESTORÍA, siempre que se haya impuesto por parte del banco.

A FONDO

O San Froilán quece motores

A cidade prepárase para unha nova edición das súas patronais, que xa teñen o feiral aberto e que arrancan o mércores 4 co pregón

Rubén Arroxo, tenente alcalde do Concello de Lugo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, foron os encargados de presentar o programa das festas de San Froilán 2023. Ferreiro destacou que “volve a gran festa do outono galego, que entre o 4 e o 12 de outubro, encherá as rúas de Lugo con preto de 200 actividades distintas, máis da metade delas musicais, dando lugar a un programa do San Froilán no que todas as veciñas e veciños de Lugo atoparán unha actividade do seu gusto”.

“As agrupacións locais terán o protagonismo nos concertos e nas actividades de rúa”, afirmou Maite Ferreiro, que engadiu “contaremos con máis de 50 grupos de Lugo e concertos de primeiro nivel con nomes como Eliades Ochoa, Rayden, La M.O.D.A., Ciudad Jara, Luar na Lubre ou Baiuca, entre outros”.

A volta da gran festa do outono galego contará con actividades tradicionais como o desfile do traxe tradicional, que este ano celebra a súa 51 edición ou o desfile do gando. Ferreiro destacou que a cultura tradicional galega conta, como cada ano, cun “importante peso” na programación das festas. “Como administración, é o noso deber traballar na conservación e promoción dos nosos elementos culturais máis relevantes”.

O programa inclúe actividades xa consolidadas, como o XXI Festival de Música Tradicional de Cántigas e Frores; a Verbena Galega D’antes; ou a XXV Mostra de Música Tradicional Galega do Domingo das Mozas, organizada pola Asociación de Gaiteiros Galegos que animará as rúas do casco histórico con máis dunha ducia de agrupacións tradicionais.

As familias contarán con 21 actividades de calidade, que se celebrarán tanto na carpa do aparcadoiro

do Seminario como nas rúas de Lugo dentro do San Froilán Miúdo. En total, o programa conta con 50 concertos en escenario e preto de 90 actividades de rúa, con pasarrúas, espectáculos itinerantes, maxia, humor e animación nos barrios.

ORZAMENTO. Maite Ferreiro explicou que o San Froilán 2023 conta cun orzamento próximo aos 700.000€ de aportación municipal, que se complementa coa participación de diversos patrocinadores e institucións. A edil de Cultura e o Tenente Alcalde criticaron a aportación da Xunta de Galicia ás festas. “Mentres que a Deputación de Lugo colabora con 150.000€, a Xunta, a través da Axencia Galega de Turismo, achega 25.000€, unha cantidade irrisoria que non chega a cubrir nin un dos concertos da praza Hortas do Seminario”, declarou Rubén Arroxo. O Tenente Alcalde afirmou que “a Xunta demostra novamente que non lles importa nin Lugo nin o San Froilán, a gran festa do outono galego”. Ambos valoraron positivamente a aportación privada, que supera nesta edición os 31.500€.

PROGRAMA DEPORTIVO. A concellería de Deportes está a colaborar coas persoas responsables das entidades locais na organización de máis dunha ducia de eventos e trofeos que conmemoran as festas patronais.

Ata o 12 de outubro, Lugo concentrará citas deportivas de diferentes modalidades entre as que se atopan o judo, o atletismo, o fútbol, o béisbol, o sóftball, o golf, o hóckey en liña ou o voleibol. “A estes trofeos de carácter extraordinario, que conmemoran a figura de San Froilán e que, sen dúbida, axudarán a impregnar as festas dos valores que transmite o deporte, súmanse



SAN FROILÁN MIÚDO NA CARPA

Mércores 4:

- 18.30 h. Ritmo Lugo. Baile.

Xoves 5:

- 11.00 h. *Xogos XL do mundo* de Ludiespai.
- Colección de xogos de madeira para as persoas dos 3 aos 103 anos. Dende ás 11 h até ás 14 h e das 16h até ás 18h.
- 12.30 h e 17.30. *WOOW* de Teatro C’art na praza Maior.
- 18.30 h. *A punta do meu nariz* de Kolektivo Kónikas.

Venres 6:

- 17.00 h e 19.30. *WOOW* de Teatro C’art. Praza da Soidade.
- 18.30 h. *The Crazy Mozarts* de Mundo Costrini.

Sábado 7:

- 11.00 h. *Xogos en Familia* de Ángeles de Trapo ata as 14 h e das 16h até ás 18h.
- 12.30 e 17.30 h. *Girafes* de Xirriquiteula teatre. Espectáculo itinerante pola zona
- 18.30 h. *El Mètre* de JAM.

Domingo 8:

- 11.00 h. *LARUN* de Jokai. Ata as

- 14.00h e das 16h ás 18.00h.

- 18.30 h. *Le Voyage* de JAM.

Luns 9:

- 17.00 h. *Froilán e o lobo*. Mircromina títeres na Praza da Soidade.
- 18.30 h. *Rodeo* de La banda del otro.

Martes 10:

- 18.30 h. *Carilló* de Cia. LaTal.

Mércores 11:

- 17.00 h. *Sidulfo e o díaño* Espectáculo de guiñol. Trécola Producións na praza Maior.
- 18.30 h. *Globe Story* de El perro azul teatro.

Xoves 12:

- 11.00 h. *Orkestróniat* de Cia. La Cresta. Até ás 14 h e das 16h até ás 18h.
- 12.00 h. II Festival de cultura tradicional do San Froilán Miúdo na praza da Mosqueira.
- 12.30 e 17.30 h. *O estrano caso do dentista da rúa Brasov* Espectáculo teatral itinerante de Troula.
- 18.30 h. *Teatime* de Cirkofonik.

ás competicións profesionais do Río Breogán, o Ensino, o Emevé e o CD Lugo. A celebración destes encontros nunhas datas tan sinaladas vai contribuír a incrementar a afluencia de público foráneo e, por tanto, á difusión dos nosos festexos”, valorou o concelleiro, que estima que esta considerable concentración de citas deportivas reportará máis de 3.000 visitantes e máis dun millar de participantes.

Por último, o responsable de Deportes, agradeceu a forte implicación dos diferentes clubs deportivos da cidade no impulso deste amplo programa de actividades deportivas.

AUTOBUSES. Establecéronse tamén os horarios especiais das distintas liñas de bus urbano que se aplicarán durante o San Froilán. Arroxo explicou que “as principais liñas que comunican o centro coas distintas zonas da cidade ampliarán o horario de servizo ata as 3 da mañá para permitir a toda a veciñanza que queira asistir ás festas poder volver á casa de maneira segura”.

Os aparcadoiros do Pazo provincial dos Deportes e o das Termas funcionarán como aparcadoiros disuasorios de gran capacidade, onde se poderá deixar o coche e achegarse en bus ata o centro da cidade.

SEGURIDADE. a Policía Local reforzará todos os turnos, especialmente durante os festivos e as fins de semana, poñendo en marcha un dispositivo especial de vixilancia que estará operativo dende as oito da mañá ata as seis da madrugada. Dispoñerá unha media de catro patrullas no recinto feiral e outras tres na zona de influencia do mesmo. Haberá reforzos das patrullas nas zonas onde se concentran un maior número de persoas, así como controis nos puntos de acceso da cidade

●	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA	ENX. AGRÍCOLA	ENXEÑARÍA CIVIL		
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es		
					ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU

“O San Froilán é unha mestura do tradicional e a modernidade”

Maite Ferreiro Tallón é a concelleira de cultura e organizadora das festas

Que novidades haberá con respecto a outros anos?

Como cada ano, contamos con artistas de renome e calidade. Deste xeito, incluímos unha maior variedade de xéneros, dende música tradicional a ritmos máis contemporáneos co fin de chegar a todo tipo de gustos e idades. Tamén continuamos ampliando a nosa oferta cultural con actividades, feiras e exposicións que representen as nosas tradicións e a diversidade e talentos.

No apartado deportivo que destacamos? Porque moitas veces parece que se deixa un pouco de lado.

Dende o Concello de Lugo nunca esquecemos a importancia que as actividades deportivas teñen entre a nosa poboación. Por iso mesmo, o San Froilán conta cunha gran variedade de opcións que inclúen diversas actividades ligadas ao deporte.

Entre elas, por exemplo, atopamos a celebración do ‘III Torneo de Voléibol San Froilán’ na Casa do Deporte; un partido da Primeira Federación entre o CD Lugo-Nastic no Anxo Carro; o ‘Open San Froilán de Dardos Billar Pool’ organizado por Tiempos Modernos; ou o partido da Liga Feminina Endesa que disputarán o Durán Maquinaría Ensino e o Movistar Estudantes no Pazo dos Deportes, entre outros moitos.

Por que se escolleu á pregoeira e á oferente?

Sonia Villapol é unha importantísima investigadora e actualmente profesora no Center for Neuroregeneration no Houston Methodist Hospital Research. Leva adiante unha impecable carreira na que estuda os danos cerebrais e as enfermidades neurodexenerativas. No 2023 publicou o seu primeiro libro, *Cons-*

ciencia. A ciencia que nos rescatou da pandemia, no que fai un percorrido polos descubrimentos da COVID e as súas consecuencias na saúde mental. Dende o Goberno de Lugo vimos nela un importante perfil a destacar e un exemplo de que nunca debemos esquecer as nosas raíces e que a investigación tamén se pode explicar en galego. A actriz Melania Cruz, luguesa de nacemento, conta tamén cunha importante traxectoria, neste caso en cinema, televisión e teatro. Comezou a súa carreira no teatro afeccionado, antes de obter o título, e xa conta con importantes premios dentro do gremio. É lucense con orgullo e, ademais, unha das 10 lucenses do ano escollidas para o 2023. Un dato curioso é que foi a actriz que protagonizou a primeira longametraxe que se fixo sobre Rosalía de Castro.

Tense falado de novo da opción de contratar concertos de pago para ter artistas de máis elevado caché. Cal é a opinión do Goberno?

As festas de Lugo son un evento especial no que todas as persoas deberían poder participar libremente, sen barreira de ningún tipo e, polo tanto, tampouco económica. Non todas as persoas poden permitirse pagar entradas, o que excluíría a moitas familias de desfrutar dos concertos do San Froilán. As festas patronais son unha tradición arraigada na nosa cultura e deben ser accesibles para todos e todas.

Imaxino que este ano teñen cabida de novo os artistas de Lugo?

Os artistas e grupos locais son, como cada ano, protagonistas destas festas, nas que contaremos con máis de 50 actividades protagonizadas por veciñas e veciños de Lugo. Os grupos

locais actuarán nos escenarios principais das festas, como teloneiros e con espazos propios nas distintas actividades do San Froilán. Buscamos sempre variedade de estilos para que estas sexan as festas de todas e todos os lucenses.

Que proxectos hai para outras edicións? Hai plans de futuro?

Dende o Goberno de Lugo estamos sempre emocionadas polo futuro das nosas festas. Buscamos sempre formas de mellorar e sorprender a toda a poboación lucense e ás persoas que nos visitan. Aínda que non podo revelar detalles específicos neste momento, si que podo confirmar que estamos continuamente traballando para que saia un proxecto cada vez máis memorable edición tras edición. O noso compromiso é seguir facendo de cada San Froilán unha data inesquecible e de futuro para toda persoa que decide achegarse.

Os últimos anos xerou conflito a instalación das casetas. Como está este ano a situación?

Este ano contamos con tres casetas de polbo que atenderán a visitantes e lucenses e completará a oferta gastronómica. Atendemos á solicitude das e dos hostaleiros mantendo uns prezos asequibles nas casetas, sen esquecer que supoñen un símbolo das festas do San Froilán, polo que toda a veciñanza debe ter o dereito a poder desfrutalas. Os prezos marcados dende o Concello son 14€ a ración de polbo, a ración de cachelos a 2€, a ración de pan a 1€ e a botella de viño a 6€.

E co feiral e os barraquistas? Cando se abrirá este?

O feiral manterase no lugar que é tradicional nas festas do San Froilán



e procuramos manter o espírito tradicional das festas. Os barraquistas poderanse instalar nos seus postos correspondentes dende o 29 de setembro ata o 12 de outubro.

Que significan estas festas para Lugo?

O San Froilán é un evento emblemático para Lugo que representa non só unha celebración das nosas raíces culturais e tradicións, é un xeito de entender e vivir as nosas festas: a mestura do tradicional e a modernidade. Son, polo tanto, unha ocasión idónea para destacar os encantos e as oportunidades da nosa cidade: dende a nosa comida ou a nosa historia, ata a nosa xente. Son un punto culminante no noso calendario anual que marca o comezo dunha nova tempada para todas as que estamos alí compartindo momentos especiais. O San Froilán é unha fonte de orgullo, sen esquecer, por suposto, os beneficios económicos e turísticos que trae para a comunidade.

Canto tempo leva organizar as festas?

A organización das festas é un proceso que leva moito tempo e moita dedicación. Polo xeral, comezamos a planificalas con varios meses de antelación. Hai que ter en conta que debemos seleccionar artistas e espectáculos, planificar a seguridade, a limpeza, a colocación dos postos e

das barracas e outras moitas tarefas importantes. A organización implica o traballo de moitos servizos do Concello, un equipo de profesionais que traballan para asegurarse de que o San Froilán sexa un éxito. De feito, xa estamos pensando nas festas do ano 2024.

Como foi a súa evolución?

A evolución das nosas festas é un proceso que se foi adaptando aos propios cambios da sociedade. Sen esquecer nunca as nosas tradicións, adaptamos o San Froilán ás peticións e ás necesidades da poboación. Para iso, ampliamos a oferta de actividades, involucramos a asociacións e comerciantes e respectamos a nosa contorna mediante prácticas máis sostibles. Un exemplo desta evolución é, por nomear algún, o feito de instalar casetas de lactancia para facilitar unha acción tan natural ou unha atención especial para persoas xordas.

Que investimento se fai nestas festas e de onde procede?

O orzamento ascende a algo máis de 700.000 euros e contamos coa axuda da Deputación Provincial, con 150.000 euros. Por parte da Xunta de Galicia case non obtivemos apoio, xa que tan só doan 25.000 euros a través da Axencia Galega de Turismo. Hai que valorar positivamente a aportación privada, que supera nesta edición os 31.500 euros.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica **TEST** dental

PROGRAMACIÓN

MÉRCORES 4

- **20.00 h.** Pregón a cargo de SONIA VILLAPOL SALGADO no balcón da Casa do Concello.
- **20.30 h.** Os Pelúdez entre nós + Xigantes e Cabezudos + Cántigas e frores no pregón, na praza Maior e Campo Castelo.
- **21.00 h.** Pasarrúas de A Volta do Agro pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.
- **21.00 h.** Concerto de LOU MARINI & RED HOUSE REVIVAL na praza Santa María. Ás 20h Teloneiros: Moon-danal.
- **21.30 h.** IV ELECTRONIC MUSIC FEST con Dj Frisco & Marcos Peón + Yaser + Hugo Leivas + Juan Chousa, na praza da Mosqueira ata ás 1.30h.
- **21.30 h.** Actuación da charanga LOUBAND polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.
- **22.00 h.** Concerto de CAROLINA DURANTE na praza Horta do Seminario. Ás 21h Teloneiros: Berta Franklin.
- **23.00 h.** Concerto de TRIQUELL na praza Santa María.
- **00.30 h.** A DUENDENETA na praza da Soidade.

XOVES 5 (SAN FROILÁN)

- **10.00 h.** II Feira de Olaría Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo (fronte a Praza de Abastos) até ás 21.00h.
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña.
- **12.00 h.** Ofrenda da Corporación a San Froilán, na Catedral de Lugo.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Os Trastiños do Castelo por Albeiros e As Gándaras.
- **12.30 h.** Concerto de AIRIÑOS DE ORBAZAI na praza Santa María.
- **12.30 h.** Os Pelúdez entre nós pola praza Maior e o recinto feiral.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO: praza Agro do Rolo.



- **13.00 h.** Concerto de GUZMÁN GROUP na praza da Mosqueira.
- **13.00 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosende pola praza Mártires de Carral, rúas Dinán e San Roque ata Montirón.
- **13.00 h.** Pasarrúas de Arrincadeira Folk por Recatelo, Puro Cora, Vila de Foz e recinto feiral.
- **13.30 h.** Sesión vermú A DUENDENETA, lateral Casa do Concello.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO na praza Agro do Rolo. Pases ás 18, 19.30 E 21h.

PROGRAMA DEPORTIVO

- 6 e 7 de outubro ás 10.00h. Torneo San Froilán de Hóckey Liña no Polideportivo Municipal Daniel Cordido.
- 7 de outubro ás 10h. "XXVII Torneo de Golf San Froilán" organizado por Clube Golf Lugo no Club Golf Lugo.
- 7 de outubro ás 17.30h. Liga Iberdrola "Arenal Emevé- Feel Alcobendas" no Pavillón Municipal dos Deportes.
- 7 de outubro. Liga Feminina Endesa; Duran Maquinaria Ensino-Movistar Estudiantes no Pazo dos Deportes.
- 8 de outubro ás 10h. IX Copa Softball San Froilán organizada por CBS Marineros Lugo no Campo Municipal de Béisbol do Ceao.
- 9 de outubro ás 21h. I Torneo San Froilán de Fútbol Feminino organizado por S.G. Comercial no Campo Municipal das Gándaras.
- 12 de outubro ás 12h. III Salta na rúa, organizado por Lucus Caixa Rural na Rúa Ramón Ferreiro/Praza Horta do Seminario.
- 12 de outubro ás 10.30h. Open San Froilán de Billar Pool organizado por Tiempos Modernos.
- 12 de outubro ás 10.30h. XXI Open San Froilán de Dardos Billar Pool organizado por Tiempos Modernos.
- 12 de outubro ás 10.00h e até o día 22. Torneo San Froilán de Padel organizado por Lucus Padel.

- **18.00 h.** Verbena galega d'antes. Espectáculo participativo coa actuación de Airiños da Freba e bailador@s de Oxeito. Obradoiro aberto para aprender os bailes da verbena con Xabier Iglesias na praza Maior (Templete).
- **19.00 h.** Pasarrúas de Cántigas e Frores por Recatelo, Puro Cora e Recinto Feiral.
- **19.00 h.** Pasarrúas de Caivanca pola praza Mártires de Carral, San Pedro, Progreso, San Marcos e Rúa Nova.
- **19.30 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosende pola avenida da Coruña, desde a Medusa, polas prazas Viana do Castelo e Agro do Rolo.
- **20.00 h.** Concerto de MONSTERS-FLESH na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Nubeiro polo Campo Castelo, San Pedro, Raíña e Santo Domingo.
- **21.00 h.** Concerto de SHEGO na praza Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de ELÍADES OCHOA: 25 Anos de Buena Vista Social Club na praza Horta do Seminario. Ás 21h Teloneiros: ABYA YALA.
- **22.00 h.** Verbena coa orquestra CINEMA + Cantantes Extraordinarios na praza de Augas Férreas.
- **23.00 h.** Concerto de DUPLA na praza Santa María.

VENRES 6

- **10.00 h.** II Feira de Olaría Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo (fronte a Praza de Abastos) até ás 21.00h.
- **11.00 h.** V Feira de Asociacións de Acción Social. Organizada por FADAS Lugo. Ata ás 19h.
- **18.00 h.** XI Desfile de Gando tradicional do San Froilán. Percorrido: tramo peonil da ronda da muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre. Coa actuación de Reviravolta.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Airiños de

- Orbazai polo recinto histórico.
- **19.00 h.** XVIII SANFROIDANCE coas actuacións de HIGH PAW + JULI GIULIANI + TOR4 vs FISHMAN + VICTOR SANTANA, das 19.00h ás 2.00h na praza da Mosqueira.
- **20.30 h.** Pasarrúas de Estoupacaldeiros polo recinto histórico, zona dos viños.
- **21.00 h.** Concerto de DE VACAS na praza Santa María. Ás 20h Teloneiros: Musel.
- **22.00 h.** Concerto de HARD GZ na praza Horta do Seminario. Ás 21h Teloneiros: Verter GZ.
- **23.00 h.** Concerto de THE RAPANTS + GALICIAN ARMY na praza Santa María.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra ACORDES na praza Maior.
- **00.30 h.** Actuación dos FESTICULTORES TROUPE no recinto histórico.

SÁBADO 7

- **10.00 h.** II Feira de Olaría Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo. Até ás 21.00h.
- **11.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción. (Das 11h ás 13.30h).
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.
- **11.00 h.** San Froilán Asociativo na praza Maior (zona do templete). Das 11h até ás 14h.
- **11.00 h.** XXX Feira do Mel. Até ás 21.00h na praza da Soidade. Obradoiro de candeas ás 12.00h. Obradoiro de elaboración de xabón e cosmética con mel ás 16.00h.
- **11.00 h.** San Froilán Asociativo na praza Maior (zona do templete). Das 11h até ás 14h.
- **12.00 h.** XXI FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL organizado pola Asociación Cultural Cántigas e Frores, coas actuacións da Asociación Cultural Cántigas e Frores e a Asociación

PIZARRAS HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Cultural Donaire na praza de Santa María.

- **12.30 h.** Recepción oficial á corporación do Concello de Ferrol no salón de plenos na Casa do Concello.
- **12.30 h.** Pasarrúas de Son de Lugh polo Campo Castelo e prazas da Constitución e de Breaña.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO: na praza do Camiño Primitivo.
- **13.00 h.** Pasarrúas de Caivanca por Recatelo, Puro Cora, Vila de Foz e recinto feiral.
- **13.00 h.** Concerto de LUCUS ENSEMBLE na praza da Mosqueira.
- **17.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción. (Das 17h ás 20.00h).
- **17.30 h.** Os Pelúdez visitan o Cemiterio de San Froilán. Paseo teatralizado de 40 min de duración.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO na praza do Camiño Primitivo. Pases ás 18, 19.30 e 21h.
- **18.30 h.** Pasarrúas de Xaora polas rúas Nova, Quiroga Ballesteros e Praza da Soidade.
- **19.00 h.** Os Pelúdez entre nós. Polo recinto histórico.
- **19.30 h.** Actuación de A Coruña con Lugo: Coro Galego Santa Comba de Veigue + Asociación Do LaDo Do Sol + Agrupación Folclórica Os Gaiterriños + Asociación Còitelodepau + Grupo de Pandereteiras de Cántigas da Terra da Coruña + Grupo Birloque Gaiteros na Praza da Soidade.
- **20.00 h.** Concerto de BANDA DE MÚSICA SONS E SOÑOS + CATRO CORES na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Cántigas e Flores polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.
- **21.00 h.** Concerto de CATUXA SALOM na praza de Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de CIUDAD JARA na praza Horta do Seminario. Ás 21h Teloneiros; Skintight.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra ARIZONA na praza Maior.
- **23.00 h.** Concerto de GRANDE AMORE na praza Santa María.
- **00.30 h.** Actuación dos FESTICULTORES TROUPE polo recinto histórico.

DOMINGO 8 (DAS MOZAS)

- **10.00 h.** II Feira de Olaría Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo até ás 21.00h.

“Lugo sempre foi o lugar de paso e o punto de partida”

A científica Sonia Villapol é a pregoeira das Festas de San Froilán

Como recibiu a noticia de que foi escollida para ser pregoeira das festas de Lugo?

No mes de xullo estaba a presentar no Vello Cárcere, en Lugo, o meu libro de divulgación científica, *ConSciencia: a ciencia que nos rescatou da pandemia*, que me publicou Xerais. Acompañábame na presentación Marica Campo e Mario Outeiro, e ó remate a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro achegouse a min e preguntoume que me parecía se me propoñía de pregoeira do San Froilán. A verdade é que non esperaba semellante proposta e coa emoción do momento respondílle que si de inmediato. Un par de meses despois alegroume moito que a proposta fose aprobada por unanimidade por todos os grupos no concello.

Ten unha gran vinculación coa cidade?

Sempre me sentín lucense, Lugo sempre formou parte da miña traxectoria vital. Aínda que non nacín nin nunca vivín en Lugo, sempre foi o lugar de paso e de punto de partida. Lugo foi o escenario de parte da miña crianza, e seguíu a ser un lugar de identidade e de parada obrigada a medida que pasaron os anos. De mocidade non me perdía un partido do Breogán, incluso formei parte do equipo dos cadetes do Ensino, daquela o Xuncas. Meus pais teñen un piso na rúa Castelao, e vir a Lugo era unha rutina familiar, a exposicións, de compras ou de paseo. Durante a etapa universitaria, en Lugo collín centos de veces o autobús cara Santiago e máis tarde o tren cara Barcelona. Cando me preguntan de onde son, sen dubidalo digo que lucense. Unha lucense da provincia, pero moi orgullosa de selo.

Pode adiantarnos un pouco do que vai falar no pregón?

Falta só unha semana e aínda non o teño escrito, pero si que teño esbozadas algunhas ideas do que quero transmitir. Máis que falar de min, fa-



larei do que poido representar, dos lucenses da provincia, da investigación desde a emigración, da necesidade de fortalecer estes vínculos coa diáspora galega porque temos moito que aportar. Da relevancia da ciencia e da medicina na sociedade en comparación con outros aspectos ós que se lle dedica tantas horas de lerías e que son tan banais. E falarei do San Froilán, claro está, da marabilla de cidade que é Lugo hoxe en día, e do valor que se lle dá á cultura.

Malia traballar moi lonxe, segue a visitar continuamente Lugo e o seu lugar de nacemento?

Si, dende logo, como mínimo unha vez ó ano. Non o fago só por necesidade persoal, volver a Lugo forma parte da educación que lle quero dar ás miñas fillas, que pasen tempo cos avós e que sintan que tamén son de aquí. Que se integren na cultura e que aprecien o comportamento da xente galega e se empapen de Galicia, da paisaxe, da comida ou da música. E xa o fan, falan galego e presumen de ter familia e amigas en Galicia.

Que lembranzas garda das festas e da súa evolución estes anos?

Ben, penso que para todos os cati-

vos de Lugo e da provincia, a festa do San Froilán é un dos eventos máis emocionantes do ano. De cativos desfrutábase ben das atraccións, sen dúbida con moita ilusión e os niveis de adrenalina polas nubes. Tamén os concertos, ver tanta xente xunta e a emoción do que tocaba nas barracas. De maior puideren vir menos ó San Froilán, pero tamén teño feito coincidir algún ano as vacacións nestas datas para vir coa familia.

Como é a vida en Houston? Bota de menos Galicia?

A vida en Houston é satisfactoria. Sempre me reconforta que traballando podes ter recompensas, e aquí a verdade é que tiven a sorte que me pasa iso. Dirixir un laboratorio no centro de investigación biomédica meirande do mundo, para unha lucense da provincia, é realmente un soño cumprido. Logo a vida é como te organices, existen moitas actividades culturais e Texas é un estado con moitos parques naturais, a praia a 40 minutos e museos e deportes de todo tipo, ata temos a NASA onde se organizan un montón de actividades.

Como se combinan os dous mundos?

É algo que forma parte do xenoma do emigrante, vivir aquí pero estar co pensamento sempre en Galicia. Sen dúbida non son a única que me pasa, penso que todas as galegas e galegos que estamos fóra. Sempre estamos ó tanto de todas as novas de Galicia, do que pasa e deixa de pasar, aínda que cando regresamos nos contan as cousas como se non fosemos de Lugo.

Ten tamén un gran número de proxectos con estudantes que a vinculan a Meira e a Pastoriza e que un dos seus obxectivos é achegar o mundo científico á mocidade, en especial ás mozas, que quizais representan unha minoría neste campo.

Para min manter ese vínculo é fundamental. Construír pontes entre Galicia e a diáspora galega é algo que levo facendo moitos anos. Sempre procurei estar en contacto coa comunidade galega en Barcelona, en París, en Washington e agora en Houston. Durante a pandemia din moitas charlas en colexios e institutos, tamén para asociacións. Antes da pandemia tamén, pero a outro ritmo. No meu laboratorio seguemos a facer investigación relacionada coa Covid e estiven moi involucrada na divulgación científica, e toda esta información quedou recollida no libro de *ConSciencia*. Intentar inspirar á xente nova é moi estimulante porque sei que no que poida dicirles pode ter un impacto importante nas súas vidas, e isto acontece máis durante a etapa xuvenil. Polo menos a min pasoume que calquera tipo de consello, inspiración ou motivación que tiven de nova, dirixiu o temón da miña carreira. Lémbrome dunha frase que me dixo Margarita Salas e que me axudou a decidir cal sería a disciplina do meu doutoramento. Fai dous anos, no meu instituto de Meira onde eu fixen BUP e COU, puxéronlle o meu nome ó laboratorio de bioloxía e xeoloxía, cousa que me fixo moita ilusión. Quixen devolverlles este agasallo creando un programa de mentorado “Latexos pola Ciencia” que agardo que se estenda a outros centros educativos de toda Galicia. A idea é asesoralos na carreira investigadora e nas súas distintas etapas para a rapazada que teña inquietudes científicas.

Oferta San Froilán

outlet
sótano

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

SÓLO HASTA EL 31 DE OCTUBRE
o hasta fin de existencias

BAÑO
COMPLETO

1.299€

IVA incluido

Entrega incluida*

*Consultar condiciones en tienda

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es



- **11.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción. (Das 11h ás 13.30h).
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña.
- **11.00 h.** XXX Feira do Mel. Até ás 20.00h na praza da Soidade. Cata oficial de mel da Galicia ás 13.00h. Obradoiro de elaboración de xabón e cosmética con mel ás 16.00h.
- **11.00 h.** 51ª Edición do Desfile do traxe galego na praza Maior.
- **11.30 h.** XXIV Mostra de Música Tradicional Galega do Domingo das Mozas, coa Asociación de Gaiteir@s Galeg@s, polo recinto histórico. De 11:30 ás 13.30h e das 17h ás 18.30h. Participan: Rebulir Cultura Tradicional, Souto Xímaro, Río de Anxo, Os Faiscas de Solobeira, Abertal, Tumba e Dalle, Charanga Traspés, Grupo de baile Traspés, Pandeireteiras e pandeireteiros Traspés, Par de Par, Os Mecos de Ogrobe, Axeigo.
- **12.00 h.** Os Pelúdez entre nós polo recinto histórico.
- **12.00 h.** Ofrenda floral a Rosalía de Castro por parte de Melania Cruz no Parque de Rosalía de Castro.
- **12.30 h.** Pasarrúas de A Volta do Agro polo Barrio da Ponte.
- **12.30 h.** Pasarrúas de Airiños de Orbazai pola avda Adolfo Suárez e o Sagrado Corazón.
- **12.30 h.** Pasarrúas de Xílgaros de Lugo pola praza da Milagros, Cami-

ño Real, Mallorca e avda. da Coruña.

- **13.00 h.** Concerto de MULLER (Noelia Geada+David Taboada) na praza da Mosqueira.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO: na praza do Castiñeiro.
- **17.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción. (Das 17h ás 20.00h).
- **17.30 h.** Os Pelúdez no cemiterio San Froilán. Visita guiada polo cemiterio da man de Os Pelúdez.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO na praza do Castiñeiro. Pases ás 18, 19.30 e 21h.
- **18.00 h.** Concertos de BOUBA PANDEREITEIRAS e TANTO NOS TEN na praza Santa María.
- **20.00 h.** Concerto de VRÁSICA na praza da Mosqueira.
- **21.00 h.** Concerto de ENREDADAS Coplas, jotas y alalás: MARTIRIO * UXÍA * CARMEN PARÍS * A PEDREIRA na praza Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de BAIUCA na Horta do Seminario. Ás 21h Teloneiros; Hänselus.

LUNS 9 (MAIORES)

- **12.00 h.** VII Cultura e tradición no Camiño a cargo de Traxandaina. Demostracións de; Lutería, Obradoiros de percusión, zanfonas e

gaitas. Das 12h ás 20h no Centro Cultural O Vello Cárcere.

- **12.00 h.** Pasarrúas de Cántigas e Frores polas rúas Progreso, Raíña, San Marcos, praza de Ferrol, Campo Castelo, San Pedro e Mártires de Carral.
- **17.00 h.** FROILÁN E O LOBO Espectáculo de títeres para público familiar de Mircromina títeres na Praza da Soidade.
- **17.30 h.** Verbena coa orquestra STEREO na praza Maior.
- **19.00 h.** ARQUITECTURAS EFÉMERAS DO SAN FROILÁN Letra das Festas 2023 (a revista oral do San Froilán), no Centro Cultural Vello Cárcere. Organizado pola sección de literatura de tradición oral da AELG.
- **20.00 h.** Concerto THE REVELATORS. na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Arrincadeira Folk polo recinto histórico, rúa Nova, zona dos viños e Tinería.
- **21.00 h.** Concerto de LUAR NA LUBRE; XX-Encrucillada na praza Santa María. Ás 20h Teloneiros: Anossavossa.

MARTES 10

- **12.00 h.** VII Cultura e tradición no Camiño a cargo de Traxandaina. Demostracións de Talla de cabazas, confección de San Cosmeiros e sombreiraría. Das 12h ás 20h no Centro

Cultural O Vello Cárcere.

- **17.00 h.** HORTENORQUESTA Espectáculo musical de home-orquestra para toda a familia na praza Maior.
- **19.00 h.** Presentación do número 20 da Colección San Froilán dos Devanceiros: *Os espectáculos pirotécnicos nas festas de San Froilán de Lugo* de Fernando Arribas, no Centro Cultural Vello Cárcere.
- **20.00 h.** Concerto de MILESIOS na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Caivanca pola ronda das Fontiñas e Montirón.
- **20.30 h.** Pasarrúas de Estoupacaldeiros pola praza de Augas Férreas, Estrada da Granxa, Campos Novos, Alfonso X e Acea de Olga.
- **21.00 h.** Concerto de ISRAEL FERNÁNDEZ na praza Santa María. Ás 20 h Teloneiros: Physical Graffiti.

MÉRCORES 11

- **12.00 h.** VII Cultura e tradición no Camiño a cargo de Traxandaina. Demostracións de; fiado, palillado e bordado ao aire. Das 12h ás 20h no Centro Cultural O Vello Cárcere.
- **11.30 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosende pola rúa Quiroga Ballesteros, Mercado Municipal, Praza de Abastos e praza Santo Domingo.
- **17.00 h.** ESPAZO HIP HOP na praza da Mosqueira. Das 17h ás 2.00h coas

actuacións de DENOM, SAMUEL SLZR, EIVY J + ZAIDBREAK Cos artistas locais; Diego, Xosé Maceda e Ünder, Batallas de galos, caricaturas, baile con Stardance e graffiti con Trecetrazos.

- **19.00 h.** Pasarrúas de Nubeiro pola rúa Quiroga Ballesteros, praza Santo Domingo, rúa Doutor Castro, praza Maior e rúa Bispo Aguirre.
- **20.30 h.** Xigantes e cabezudos + BLOCO MEIGALLO na praza Maior.
- **21.00 h.** Concerto de PONGO na praza Santa María. Ás 20h Teloneiros: Branca Villares e Pablo Pintor con Proxecto *Consoante; Canta, miña compañeira.*
- **21.30 h.** Actuación da charanga LOUBAND polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.
- **22.00 h.** Concerto de LA M.O.D.A na Horta do Seminario. Ás 21h Teloneiros: Trinitá.
- **23.00 h.** Concerto de VIVA BELGRADO na praza Santa María.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra COSTA DORADA na praza Maior.
- **00.30 h.** A DUENDENETA na praza da Soidade.

XOVES 12

- **11.00 h.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña.
- **11.00 h.** Inauguración da *Volta ao Medioevo* ao carón da Catedral de

OUTRAS ACTIVIDADES

- **EXPOSICIÓN DE MEL E BARRO:** as máis vellas tradicións de Galicia. Datas: Ao longo do mes de outubro Horario: 10:00 a 13:30 e de 16:00 a 20:30 de martes a sábado; domingos 10:00 a 16:00; luns pechado. Lugar: Museo Provincial
- **O CLAVI CO SAN FROILÁN** (22.30) Día 4 Memorials (Facela). Día 6 The Soulers. Día 7 ás Cherry Fino.

Día 11 Mad Martin Trio.
Día 12 Insaniam.

- **ARTE SAN FROILÁN** 27ª Edición da mostra de artesanía. Do 1 ao 12 de outubro na praza de Anxo Fernández Gómez. Das 11.00 h ás 14.00 h e das 17.00 h ás 21.00 h.
- **PUNTO VIOLETA:** Os días 4, 5, 6, 7 e 11 entre ás 21 h e ás 02.00 h, Na praza Fernando Casas Nóvoa (fondo da praza Maior).

PROMEDISA SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com | @PromedisaLugo | Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE www.promedisa.com

COMPRAS ONLINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



Santa María. Feira Medieval. Actuacións musicais, desfiles, xogos e máis até ás 22.00h.

• **12.00 h.** II Festival de cultura tradicional do San Froilán Miúdo coas actuacións de; Cántigas e Frores, Saíñas e A Ponte Vella na praza da Mosqueira.

• **12.00 h.** III SALTAR NA RÚA organizado por Lucus Caixa Rural na rúa Ramón Ferreiro.

• **12.30 h.** 2º Encontro de bandas: Banda Filharmónica de Lugo + Banda Municipal de Celanova na praza Santa María.

• **13.00 h.** Pasarrúas de Os Trastiños do Castelo pola rúa Quiroga Ballesteros, praza da Soidade, Tinería, rúa do Miño, praza do Campo e zona dos viños.

• **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO: na praza de Augas Férreas.

• **13.00 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosende por Recatelo, Puro Cora, Vila de Foz e recinto feiral.

• **13.00 h.** Os cegos no Camiño. Encontro de romances medievais, cegos e Lazarillos procedentes de toda Galicia; Grupo Tundal, Tino Baz, Carlos do Viso, Grupo Tradescola, Luis Caruncho e Chus Iglesias. Na rúa San Pedro, Bo Xesús, praza Maior, praza do Campo e praza Pío XII.

• **13.00 h.** Xigantes e cabezudos + TAMBUKDA na praza Maior.

• **13.30 h.** Sesión vermú A DUENDE-

NETA, lateral Casa do Concello.

• **18.00 h.** Actuación de A VOLTA DO AGRO na praza da Soidade.

• **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO na praza de Augas Férreas. Pases ás 18, 19.30 e 21h.

• **18.30 h.** Pasarrúas de Reviravolta pola rúa Nova, Quiroga Ballesteros, Praza da Soidade, Tinería, rúa do Miño, e zona dos viños.

• **19.00 h.** Os cegos no Camiño. Encontro de romances medievais, cegos e Lazarillos procedentes de toda Galicia; Grupo Tundal, Tino Baz, Carlos do Viso, Grupo Tradescola, Luis Caruncho e Chus Iglesias. Na rúa San Pedro, Bo Xesús,

• **20.00 h.** SAN FROILÁN SORRÍ. O recuncho da comedia. Espectáculo teatral cos monólogos de; Danny Boy + Oswald Digo + David Perdomo na praza da Mosqueira.

• **19.30 h.** Pasarrúas de Son de Lugh polo recinto histórico, zona dos viños.

• **21.00 h.** Concerto de BALKAN PARADISE ORCHESTRA na praza Santa María.

• **22.00 h.** Concerto de RAYDEN na Horta do Seminario. Ás 21h. Teloneiros: Ringdown.

• **22:30 h.** VII Concurso MISS DEUSA. Organizado polo Colectivo ALAS na praza da Mosqueira.

• **23.00 h.** Concerto de TERRAE na praza Santa María.

“O obxectivo principal é xuntarse e pasalo ben, máis para socializar”

Luis Coira é un dos membros do grupo Estoupacaldeiros, de Rábade

Nas festas de San Froilán sempre hai tempo para a participación dos grupos e colectivos locais ou de concellos da contorna, que forman parte do programa. É o caso do grupo Estoupacaldeiros, que fará dous pasarrúas, o venres 6 polo recinto histórico e o martes 10 pola zona de Augas Férreas. Porque a música convive sempre co sorriso.

Cantos son na formación?

Nós non temos un número fixo, non somos unha formación estable no sentido de que levamos xa anos e vai entrando xente e vai saíndo outra. De todas formas os que están nunca saen de todo, si están por aquí e actuamos veñen e tocan con nós.

Pero hai un grupo de músicos inicial?

Os que comezamos na formación somos Lucho Lago que era un dos gaiteiros, eu era outro. Tamén estaba Manuel, que tocaba o tambor; Quico que tocaba o pandeiro e Huggy (Alfonso) que tocaba o bombo. Este grupo inicial comezamos no ano 82.

Como xorde a idea?

Supoño que foi un pouco que nos prestou a todos. Naquela tempada estaba en boga Milladorio e nós formamos unha asociación cultural, que era a Asociación Cultural Chaira, e empezamos cada un a facer cousas, eu a gaita e Lucho empezou a tocar tamén e despois xuntámonos. Dentro dese contexto xeral que estaba tomando importancia a música tradicional e nós estabamos no proxecto de formar a asociación cultural, pois foron un pouco o que nos levou por aí.

De onde ven o nome de Estoupacaldeiros?



O nome sacouno Haggy, ocorreu-selle sen moito máis, falando da idea da musicalidade do grupo.

Que música tocan?

Principalmente música tradicional e folk. Como instrumentación contamos con gaita, acordeón, percusións e agora está entrando tamén algunha corda. Isto depende tamén dos que saíamos cada día.

En que formato actúan habitualmente? Pasacalles, concerto...

Non acostumamos tocar en ningún escenario, mais ben tocamos polas rúas e polos bares. No momento do Covid tivemos un parón grande e estamos aínda un pouco coa idea de retomar, xa non pensando tanto en saír a actuar senón máis ben en xuntarnos, ir a unha taberna a picar algo e estar alí tocando e disfrutando.

Van agora ao San Froilán, é habitual?

Xa tocamos varias veces, non é que vaíamos todos os anos, pero xa estivemos varios anos.

É logo como unha xuntanza, co obxectivo de pasalo ben?


Si, o obxectivo principal é xuntarse e pasalo ben, disfrutar. É un tema máis de socialización que doutra cousa.

Teñen algunha perspectiva de futuro?

Agora mesmo o proxecto que temos é conseguir establecer unha rutina, ao mellor dunha vez ao mes polo menos, para ir a algún sitio e tocar. A expectativa é poder disfrutar nós do que estamos facendo.

Como realizan a formación musical?

Nós principalmente cada un polo seu lado, sobre todo nos primeiros momentos. Cando xa levabamos uns anos en Rábade tamén se formou a escola de música, que a levou Armando, e ao principio tamén estivo Gema, que é a acordeonista e alí si que iamos a clases de percusión con Brais. E seguimos facendo cousiñas, basicamente para disfrutar.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es



Remata o Caudal Fest convocando a cita do próximo ano para o 20 e 21 de setembro

Finalizou a V Edición do Caudal Fest, o máis concorrido ata o momento. En 2022 foron 30.000 as persoas que pasaron polo Caudal, mentres que este ano foron 35.000.

Segundo as estimacións municipais, “se na pasada edición a estimación valorada do retorno económico estaba en 4,5 millóns de euros, prevese un incremento importante dese impacto. Tanto desde o punto de vista da ocupación hoteleira que foi do 100 por 100,

como de outros servizos beneficiados como o comercio, a hostalería, o servizo de subministro de combustible, os de mobilidade ou de alimentación”.

Con este éxito tan fresco, xa hai datas para a seguinte edición, que será os días 20 e 21 de setembro na súa sexta edición. “Animamos xa a todo o mundo a que reserve esas datas para vir a Lugo a gozar da música, da cultura e da xente”, din desde a organización.

Atopan dúas lápidas de orixe romana nas obras do centro

Durante a execución dos traballos de peonalización que o Concello leva a cabo na rúa Quiroga Ballesteros, foron achadas dúas lápidas funerarias de orixe romana. As pezas posúen un relevante valor histórico, xa que a súa datación situase entre o século I e o século II da nosa era. As pezas atópanse fóra do contexto funerario para o que foron concibidas, polo que os arqueólogos consideran que puideron pertencer a un mausoleo dunha necrópole próxima, como a localizada na Praza de Ferrol nas escavacións arqueolóxicas dos aparcadoiros soterrados en 1986, que foi desmantelada en período romano para ampliar a cidade amurallada e cuxos restos foron reutilizados con posterioridade para distintos proxectos de obra civil e edificacións.

Unha das lápidas atópase nun excelente estado de conservación e contén información de valor histórico relevante. Na súa inscrición pode apreciarse o seu carácter funerario pola utilización da fórmula “Dis Manibus” (implorando a protección



dos deus Manes, os deuses dos defuntos), que pertenceu ao sepulcro dunha muller chamada posiblemente Rufina. Na outra lápida non se observa aparentemente ningunha inscrición, polo que todo indica que estaba alisada e preparada para ser gravada pero nunca chegou a facerse, aínda que é necesario esperar a probas posteriores para confirmalo.

A natureza granítica de ambas pezas suxire unha posible relevancia social dos destinatarios e polo aspecto é posible que no seu momento chegaran a ser policromadas con pigmentos vermellos.

A intención do Goberno local, unha vez cumprido co proceso regulamentario, é que as pezas poidan ser expostas dentro da rede museística.

‘The Quiet Girl’ levouse o premio do público da Semana de Cine

Un total de 4.162 espectadores viron algunha das 135 películas proxectadas na Semana de Cine de Lugo, ou as facilitadas a Aspnaís e aos centros penitenciarios de Monterroso, Bonxe e Teixeira. 3.043 destes asistentes foron ás diversas sesións celebradas no Auditorio de Lugo e 769 nas outras salas da capital.

Nesta convocatoria de 2023 o premio do público á Mellor Película da Sección Oficial foi *The Quiet Girl* (Irlanda, 2022) de Colm Bairéad, que obtivo 2,64 puntos. A continuación quedaron clasificadas *Empieza el baile* (Arxentina, 2023) de Marina Sereskeski (2,63 puntos); *El acontecimiento* (Francia, 2021) de Audrey Diwan (2,37 puntos); *El caftan azul* (Marrocos, 2022) de Mariam Touzani (2,34 puntos); *Hasta que el amor nos separe* (China, República Checa, 2022) de Ran Li (1,93 puntos) e *Cuando la alondra canta* (Austria, 2023) de Ana Bilic (0,78 puntos).

O premio do xurado á Mellor Película do ciclo Portugal, tan cerca tan lonxo foi para *Ja Nada* (Portugal, 2023) de Luís Digo. O premio do xurado á Mellor Película Documental foi para *La*

memoria del cine. Una película sobre Fernando Méndez Leite (España, 2023) de Moisés Salama.

Tamén houbo premio do Público á Mellor Curtamétxe: (ex aequo) que se levou *Habitat* (España, 2023) de Elena Escura. Ademais de *El crédito* (España 2022) de Álex Escudero.

O público tamén premiou á Mellor Película Galega con *Nena* (Galicia, 2023) de Xosé A. Touriñán e Jairo Iglesias, á Mellor Película Lucense con *Amor viaxeiro* (Lugo, 2022) de Alba González e Miguel Bouzas, e á Mellor Película de Animación con *Sandwich Cat* (Galicia, 2023) de Favid Fidalgo.

A Organización e o Xurado da 45 Secilugo (Semana de Cine de Lugo) conceden cadansúa mención especial a varias películas, polo especial tratamento dos temas, ás persoas e ao cine: *El otro* (España, 2022) de Marc G. Ros; *La rampa* (España, 2023) de Juan Fernando Andrés Parrilla; *Otro día más* (España, 2023) de Juan Carrascal; *Madreselva* (España, 2023) de Nata Moreno; *Verbas e memoria. Miña tía Elena* (Galicia, 2023) de Breixo Llano Caldeiro; *Ullises* (Galicia, 2022) de Felix Brisel;

Madres Camioneras (España, Inglaterra, 2022) de Paula Romero; *Stains* (Dinamarca, 2023) de Sofie Krongg; *L. Heritage* (Francia, Libano, 2022) de Mathieu Haag; *Mesa para tres* (España, 2022) de Álvaro G. Empre e Meka Ribera; *Los visitantes* (España, Francia, 2022) de Enrique Buleo; *A rabia* (Galicia, 2022) de Alberto Díaz López; *Chichi e mais eu* (Galicia, 2023) de Nico Campos; *No se oye* (Galicia-Lugo, 2022) de Mario Pereira; *Elexia de Atacama* (Chile 2023) de Carlos López; *Papa* (España, 2022) de Julio Montejo; *Cardoña. Fotos a 7 pesetas* (Galicia, 2023) de Carlos Lorenzo; *Amoreiras* (Portugal, 2022) de Pedro Augusto Almeida; *Auga nas guelras* (Portugal, 2023) de Marco Schiavon; *Vidas na fronteira* (Galicia, 2023) de Francisco Xavier López Rodríguez; *Tectónica de placas* (Galicia, 2022) de Miguel Casaseca e Clara Coira; *Tap Tap* (Francia, 2022) de François Le Guen; *7 dosis de dopamina* (España, 2022) de Virginia Rodríguez; *Robots* (España, 2022) de César Tormo; *Solidarity Day* (España, 2022) de Gabriel Lugigo López, e *Calixophobia* (Alemaña, 2022) de Dave Lojek.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

EN BREVE

MADIA LEVA. O Centro Social da Serra de Ancares iniciou a nova tempada de cursos, que inclúe unha ampla variedade de actividades. Así, hai tres tipos de cursos. O curso de pandeireta impártese os luns, en horario de 17.30 a 20.30 pola profesora Lis Latas que, ademais, será a que imparta as clases de baile, que xa comezaron, todos os luns de 19.30 a 20.30 horas. Tamén haberá outro de gaita que se impartirá a partir de outubro polo mestre Victor Villamor.

BENADE. Do venres 20 ao domingo 22 de outubro a parroquia de Santo Estevo de Benade celebrará as súas festas. A xornada festiva dará comezo o venres cunha churrascada veciñal seguida dunha verbena a cargo do dúo Epo-K. O sábado 21, haberá misa solemne ás 13.30 horas, seguido dunha sesión vermú a cargo da orquestra acordes que, ademais, será a encargada de amenizar a verbena da noite xunto á orquestra Finisterre. O domingo, a xornada relixiosa será á mesma hora, e a continuación haberá unha sesión vermú de fin de festa amenizada polo grupo D'Nika.

ANDRÉS SUÁREZ. Este 2023, os directos de Momentos Alhambra Acustiquísimos concentraranse en tres fins de semana e, Andrés Suárez, poñeralle o broche dourado ao ciclo no Círculo das Artes de Lugo o venres 1 de decembro, ás 21.30h, tamén en formato só, para o que as entradas xa están esgotadas.

XADREZ. Xaquedrum inicia a nova tempada da Escola Deportiva de Xadrez que terá lugar desde o 16 de outubro ata maio, con grupos reducidos e moi variados xa que se poden apuntar desde os rapaces de catro anos ata os adultos. A matrícula dos socios será de 30 euros, prezo que non inclúe o pago das clases, que pode variar desde os 20 euros para unha hora á semana ata 10 euros.

A Filarmónica presenta a nova tempada de concertos

O tenente alcalde Rubén Arroxo, xunto coa concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro e Iria Castro, deputada de Cultura, participaron hoxe na presentación da nova tempada de concertos da Sociedade Filarmónica de Lugo. A nova tempada contará en total con 13 concertos que se celebrarán no Círculo das Artes entre o 20 de outubro e o 15 de maio de 2024. Ábrese a tempada con dous concertos que ofrecerán, case de forma consecutiva, as dúas grandes orquestras da nosa Comunidade. A Real Filharmonía de Galicia actuará no Círculo das Artes o venres 20 de outubro, dirixida pola portuguesa Joana Carneiro, e una semana máis tarde, o 27 de outubro, será a Orquestra Sinfónica de Galicia a que interpretará os dous concertos para piano de Frederic Chopin, xunto co pianista e director canario Iván Martín, no mesmo escenario. Destaca tamén a presenza na tem-

pada da terceira gran orquestra sinfónica galega: a Orquestra Vigo 430, con dúas datas (16 de decembro e 23 de marzo). Destacar que na primeira delas Isabel Rubio dirixira a Sinfonía do Novo Mundo de Dvorak. A Real Filharmonía de Galicia será a encargada de pechar o ciclo de concertos o 15 de maio, dirixida neste caso polo violinista e director italiano Enrico Onofri.

Tamén solistas de gran prestixio internacional interverán na tempada, tanto con orquestras como en recitais: a violinista francesa Sophie de Bardonnèche, o pianista Iván Martín, o percusionista Conrado Moya, o frautista André Cebrián e a violonchelista galega Alejandra Díaz serán algúns deles.

O piano será o protagonista nun recital (20 de xaneiro) a cargo do Geister Dúo, o dúo francés de referencia na interpretación do piano a 4 mans e gañador dos máis importantes Concursos Internacionais de piano a 4

mans, os de Mónaco e Munich.

Terá tamén presenza a música de cámara en tres datas moi especiais: o 22 de novembro Concerto 1700, grupo referente na interpretación historicista, con un programa con tríos de corda da Ilustración; o 27 de febreiro o Zoar Ensemble, con un arranxo propio para quinteto de vento da Suite Iberia de Albéniz e o 10 de abril o Cosmos Quartet, un dos cuartetos de corda máis significados dos últimos anos que interpretará obras de Webern, Bartok e Brahms. Un lugar sinalado terá na tempada unha nova sección denominada Filharmonica Km. 0, na que terán cabida novos valores da música lucense, comezando o 9 de marzo cun concerto a cargo do Gañador do Concurso de Solistas do Conservatorio Prof. de Música Xoán Montes de Lugo xunto a un quinteto formado por músicos lucenses de ampla traxectoria, e un segundo concerto presentará á Banda Filharmónica de



Lugo con dúas solistas lucenses. A Banda Filharmónica de Lugo tamén celebrará o seu décimo aniversario cun concerto programado para o 2 de decembro. Todos os concertos do ciclo serán no Círculo das Artes de Lugo ás 20:00 h.



BAILE. A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, visitou no MIHL á nova artista que estivo a traballar na segunda edición do programa de residencias artísticas e investigación Atopémonos Bailando, impulsado polo Colectivo Glovo, e apoiado pola Área de Cultura do Concello de Lugo. Allyson Maykal Solís foi a seleccionada no intercambio con Costa Rica.

Abre unha mostra de pezas de barro relacionadas co mel

O Museo Provincial de Lugo acollerá a exposición de olaría Mel e barro, as máis belas tradicións de Galicia, que poderá verse no museo do 5 ao 29 de outubro e que inclúe unha cuidada selección de pezas de barro procedentes de coleccións galegas e doutros puntos do Estado.

A exposición reunirá preto de corenta pezas de olaría relacionada coa recolleita e o consumo do mel. Destacan 20 pezas orixinais de olaría antiga de Galicia -veleiros, meleiras, castraderas e pucheiras- feitas entre

os séculos XVII e XX, e procedentes de dúas das máis prestixiosas coleccións galegas de barro como son a Colección Gerardo Caldas (Sarria) e a colección Rosa Carballés (Compostela), que atesouran a maior parte da alfarería fabricada en Galicia nos tres últimos séculos.

A mostra complétase con 14 pezas recuperadas, orixinais doutros puntos do Estado que permiten comprobar as solucións diferentes que se daban as mesmas necesidades en cada lugar.

HERBÓN DESGUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

¿Conoces realmente tu piel? Nuevo paradigma en el cuidado de la piel
¡Diagnóstico y tratamiento personalizado y gratuito!

Es importante conocer cómo funciona la piel para poder darle el cuidado que necesita. La piel es el mayor órgano de defensa de nuestro organismo, sin embargo, desconocemos cómo funciona, que necesita y cómo podemos potenciarla, si realmente quieres aprender a cuidar tu piel y deseas conocer las herramientas adecuadas... ¡participa en nuestros talleres y tu piel te lo agradecerá. Encuentra soluciones reales y eficaces trabajando desde la causa y no desde el síntoma, contribuyendo a que la fisiología de la piel haga su papel, concélela y actúa con responsabilidad, respeto y conocimiento.

- ¿Te has preguntado por qué más del 90% de la población sufre de alguna alteración en la piel?
- ¿Conoces el pH de tu piel?
- Piel grasa, seca o mixta... ¿son síntomas o causas?

¡TE ESPERAMOS EN VERXEL!
Solicita tu diagnóstico y tratamiento gratuito e insíbete en los diferentes talleres y Master Class que hemos preparado para ti y tu piel.

Verxel
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

María Quiroga expón o seu arte mineral no Vello Cárcere

A samanense María Quiroga ten exposta unha das súas obras na segunda planta do Vello Cárcere de Lugo ata o vindeiro 31 de outubro baixo o nome de *Xogos xeométricos*, unha mostra de 15 cadros elaborados en arte mineral, técnica artística que aprendeu do artista samanense Antonio Bello López.

A exposición, que se poderá visitar gratuitamente polas mañás, de 11.00 a 14.00 horas e polas tardes dos domingos, luns, martes e mércores de 17.00 a 20.30 horas e os xoves, venres e sábado ata as 22.30 horas; fíxose no propio taller da artista en Samos.

Piden que sexa pública a residencia da Fundación Amancio Ortega

A deputada do BNG no Parlamento de Galicia Carme Aira demanda á Xunta “que non só sexa pública a xestión da Residencia de anciáns que ten previsto abrir no barrio da Residencia da cidade de Lugo, senón que tamén o sexa a dotación de material e a contratación de persoal”.

Este goberno da Xunta leva 14 anos sen crear unha soa Residencia de anciáns Pública e agora as 7 que hai previstas no país son a conta da Fundación Amancio Ortega que se encarga da promoción e construción das mesmas. O óptimo sería que tivera sido o goberno galego o que se fixera cargo da construción das mesmas, pero aínda así debemos considerar esta apertura unha boa

nova para Lugo.

“No BNG non temos dúbida de que estas 120 prazas veñen satisfacer as necesidades que a poboación maior poida ter nunha provincia tan envellecida como a nosa pero non pode ser o único que sexa público”, dixo.

“Por isto defendemos un modelo de coidados máis humanizado, máis persoal no que a xestión debe ser 100% pública en tódalas residencias que a fundación de Ortega está construíndo no país. Isto, por suposto, leva aparelado a contratación de persoal por parte da Consellería de Servizos Sociais segundo criterios de igualdade, mérito e capacidade, tal e como vén sucedendo na Residencia Pública das Gándaras”, engade.

Promocionarán a cidade como destino turístico con autocaravanas

A concelleira Cristina López, e o Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, anunciaron a primeira das accións enmarcadas dentro do proxecto para a difusión dos atractivos turísticos de Lugo.

A acción escollida foi a colocación dun vinilo que representa un dos Patrimonios da Humanidade da cidade, a muralla romana, nunha autocaravana propiedade de dous veciños lugueses que, cada ano, recorren numerosos países con ela. Rubén Arroxo xustificou esta elección lembrando que cada vez máis persoas optan por facer viaxes neste tipo de medio, “e Lugo pode converterse nunha parada impres-

cindible para eses turistas debido ao seu atractivo cultural e ás súas diversas ofertas de ocio”.

A concelleira insistiu en que “dende o Concello de Lugo apostamos pola revalorización e a posta en marcha dun turismo alternativo e non masificado que sexa respectuoso co medio e cos propios habitantes”. López defendeu que o turismo en caravana é familiar, seguro e práctico, “sobre todo se se conta cunha área de estacionamento que permita aos turistas estacionar de xeito gratuito e nun excelente emprazamento para visitar os destinos, tal e como acontece no caso da cidade de Lugo”, explicou.

O PP pide ao goberno local que recupere a Banda Municipal

O PP presentará unha iniciativa para que o bipartito cumpra os compromisos adquiridos para recuperar a Banda Municipal. Os populares explican que “por desidia e abandono do bipartito” a agrupación leva seis anos sen actuar e alertan de que “se non se toman medidas cando acabe este mandato a Banda Municipal desaparecerá de forma definitiva”. Os populares afirman que non se pode agardar máis para solucionar o futuro da agrupación xa que neste momento hai 17 músicos e senón se toman medidas en cinco anos a formación, coas xubilacións que se prevén, quedará en 12 compoñentes. A Banda de Música leva sen director dende o ano 2016 polo que durante ás mañás os músicos que están obrigados a ir a ensaiar ao non ter director non poden practicar.

Rose Flor cumpre 30 anos de arranxos florais personalizados

Hai 30 anos, Esther Rozas Rico abriu no número 173 da rúa de San Roque Rose Flor, unha floraría que hoxe en día é xa unha peza indispensable do barrio, onde ano tras anos os veciños e veciñas veñen atopando unha solución para decorar as súas casas, facer un agasallo ou mesmo engrandecer un evento.

Para celebrar este aniversario, entre os días 1 e 5 de outubro, todas as compras realizadas en Rose Flor terán como recompensa un 30% de desconto no prezo final, agás os

envíos nacionais e internacionais, como non podía ser doutro xeito.

Con esta medida Esther Rozas quere agradecer á veciñanza o seu apoio durante estes 30 anos de vida e traballo buscando sempre a mellor solución para cada cliente.

Se algo caracteriza a Rose Flor son os arranxos personalizados con flores frescas pero traballa tamén a flor seca ou mesmo a artificial adaptándose tanto ás necesidades como aos gustos dos clientes.

Pero ademais dos arranxos, tamén

teñen unha gran variedade de plantas de interior e exterior para ofrecer solucións de todo tipo e para todo tipo de eventos, como vodas, bautizos, festas, aniversarios, comuñóns, funerais ou como ella mesma di, “simplemente porque si”.

Afirma Esther que as plantas son o seu produto estrela, xa que moitos dos seus clientes apostan por estas debido tamén á gran variedade que ten, en especial as orquídeas, sobre todo os últimos anos. Ademais, teñen moita saída os ramos primave-



rais e as rosas, que nunca pasan de moda. Ao longo de todos estes anos, Esther xa é unha fiel defensora do seu barrio, no que se bota en falta algo máis de aparcamento e de luz durante a noite, tal e como moitas veces lle indican os seus clientes que

veñen doutras partes da cidade, ou mesmo os seus veciños.

Agora, Esther quere festexar con todos eles este aniversario tan especial, polo que invita a todos a achegarse pola tenda neses primeiros días de mes.

CAFÉ BAR ALONDRA

Desayunos a partir de las 8 de la mañana, cafés, infusiones, té, vinos de cosecha, bocadillos y minibocadillos, raciones, platos combinados, hamburguesas, perritos, revueltos, ensaladas, sandwiches y postres. Realizamos comidas por encargo y para llevar.

HORARIO: DE MIÉRCOLES A DOMINGO DESDE LAS 8:00H DE LA MAÑANA

Laverca, 1 Bajo - 27003 - Lugo / Tel.: 982 216 686 www.facebook.com/alondra

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP
Las montañas te llaman.

Camino Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

O 22 celébrase unha nova edición do Día do Veciño

A Federación de Asociacións de Veciños celebrará o vindeiro domingo 22 de outubro, a 21 edición do Día do Veciño no Pazo de Feiras de Lugo. Ao longo da xornada haberá o anual partido de fútbol e a inauguración de dúas exposicións, ademais dunha actuación musical e a actuación da Escola de Baile Ritmo Lugo. Tras o xantar de confraternidade, terá lugar a entrega dos premios V de Veciño, cos que se recoñece o labor dos lucenses na dinamización e promoción da súa comarca e provincia e máis actuacións musicais e de baile como remate da festividade. Desde a federación veciñal animan ás mais de 300 asociacións da pro-



vincia adscritas a esta organización que comuniquen a súa participación e así chegar ao mesmo número de asistentes do ano pasado, que rondou as 5.000 persoas.

O Concello loitará por combater a explotación sexual e a trata

O Goberno local planea pór en marcha un paquete de medidas que ten por obxectivo combater a explotación sexual e a trata de mulleres a nivel local. Esta iniciativa, para a que o grupo municipal socialista acadou o apoio de toda a corporación a través dunha declaración institucional presentada ao pleno deste mes, será desenvolvida a través dun traballo transversal que involucrará a distintas áreas da Administración local. Deste xeito, Lugo adherirase á rede de cidades libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución. Pero o Executivo aposta tamén por reforzar a colaboración cos colectivos que prestan asistencia para ampliar o ámbito de protección ás vítimas e por realizar campañas de sensibilización, entre outras medidas.

“Desde o Concello de Lugo asumi-

mos que, desde os nosos ámbitos competenciais, debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis cruéis nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinación, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal”, afirmou a concelleira de Cohesión Social, Ana Abelleira.

“Desde a área de Cohesión Social imos impulsar unha campaña de sensibilización. Ademais o Goberno seguirá a vixiar ás actividades desenvolvidas en determinados locais coa fin de evitar que neles se promova a explotación sexual e estará alerta da organización de determinados eventos”, explicou a concelleira.

Presentan a iniciativa Lugo a Pé para promover as camiñadas

O tenente alcalde do Concello de Lugo e responsable da área de Mobilidade, Rubén Arroxo, presentou a iniciativa Lugo a pé, “unha iniciativa que permitirá á veciñanza coñecer os tempos de desprazamento a pé entre os principais puntos da cidade”, explicou Arroxo. O Goberno de Lugo instalará nas vindeiras semanas unha serie de paneis informativos nas marquesiñas de autobús que acollen máis usuarios, onde se amosarán, de xeito simple e entendible, os tempos de desprazamento a pé entre os distintos puntos.

“Con esta iniciativa fomentaremos entre a veciñanza o uso de dous medios de transporte amables co medio ambiente como son o bus urbano e os desprazamentos a pé”, declarou Arroxo, que engadiu “esta iniciativa foi creada en Pontevedra no ano 2011, e nos últimos anos sumáronse a ela moitas cidades do estado, como Sevilla, Cádiz ou Zaragoza, ademais de cidades do Reino Unido, Italia, Francia ou Polonia”.

Rubén Arroxo explicou que a iniciativa consistirá na colocación de planos nas marquesiñas de bus da zona urbana, en formato metro, que indicará as distancias a pé, xunto co Bus Minuto, que permitirá coñecer os tempos de des-



prazamento usando tamén o bus urbano.

No último mandato, o bus urbano pasou pola maior transformación das últimas décadas, cunha renovación total do servizo, que permitiu mellorar as conexións da veciñanza coas distintas zonas da cidade.

Co novo modelo, o HULA gañou conexións con Fontiñas, a zona sur da cidade e a avenida das Américas, que co modelo antigo non tiñan transporte directo. As transformacións do modelo de bus urbano conectou de xeito directo o hospital coas zonas de Fingoi, Magoi, Sagrado Corazón, as Gándaras, Avenida das Américas, Fontiñas, Fonte dos Ranchos, a Abella e Garabolos, mellorando tamén as frecuencias coa zona centro. Os

barrios aumentaron as frecuencias de conexión co centro da cidade, pasando da hora entre cada volta a 30 minutos de frecuencia, e comunicando o eixo norte-sur da cidade en 20.

Nos polígonos do CEAO e das Gándaras aumentáronse tamén as conexións, quedando ambas áreas industriais co barrio de Fontiñas e o sur da cidade, cun total de seis liñas que entre os seus percorridos inclúen a unha das zonas industriais e dúas que pasan por ambas, unindo as áreas industriais de xeito directo con zonas como Fingoi, o Campus Universitario, Fontiñas, Magoi, Avenida das Américas e coa zona centro, pasando moitas destas liñas pola Ronda da Muralla.

Aumentan un 31% as solicitudes das actividades culturais

A proposta sociocultural do Concello experimentou un incremento de demanda para esta tempada. As actividades organizadas nos centros cívicos recibiron 2.649 solicitudes, o que supón un incremento do 31% respecto ás peticións para matrícula da pasada edición. “Este programa supón unha importante ferramenta a nivel local para promover os hábitos de vida saudable, especialmente da poboación maior de 60 anos, pero cada ano estamos a ampliar a súa oferta, polo que tamén se diversifica o seu público”, manifestou a responsable de Cohesión Social, Ana Abelleira, durante o seu balance.

As actividades máis demandadas ata o momento son as relacionadas co exercicio físico. Deste modo, a ximnasia, o ioga e a introdución ao pilates copan unha parte considerable das matrículas. “Observamos una progresión importante neste sentido. Os usuarios e usuarias están a valorar de forma moi positiva

este tipo de disciplinas. O traballo levado a cabo ao longo dos anos axudou a concienciar á cidadanía sobre a importancia do exercicio físico para mellorar a súa calidade de vida, o que se traduce nun importante aumento da demanda esta tempada”, explica a responsable da área de Cohesión Social. Tras estas clases, destaca o interese pola formación en novas tecnoloxías, como informática e o uso de teléfonos móbiles, tamén moi solicitadas, así como as clases de cociña e as sesións de envellecemento activo ou os talleres de memoria.

“O obxectivo final do Goberno local é facilitar que a veciñanza poida gozar dunha vida activa e dispoñan da posibilidade de ter hábitos de vida saudables. Todo isto, tradúcese nunha maior oportunidade de socializar e establecer novas relacións persoais, así como adquirir novas competencias dixitais, o que nos permite combater a soidade non desexada”.

Abre unha nova convocatoria para os 15 hortos urbanos

O Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) publicou este xoves, 28 de setembro, as bases reguladoras da convocatoria pública feita pola Deputación para adxudicar os 15 hortos urbanos que a institución ten dispoñibles no Paseo do Rato. A partir de mañá, venres, e durante 10 días hábiles, é dicir, ata o día 16 de outubro (incluído) poderán formularse as solicitudes, tanto a través do Rexistro ou na sede electrónica da Deputación, como por calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei de Procedemento Administrativo Común.

Os requisitos son os mesmos que en fases anteriores. Poderán concorrer todas as persoas físicas ou asociacións de Lugo e de concellos limítrofes interesados, que non convivan con beneficiarios doutros hortos ou que non posúan terreos con potencialidade de ser cultivados.

No caso de que as solicitudes presentadas superen o número de parcelas dispoñibles, farase unha valoración en base a criterios sociais, dando prioridade ás persoas en situación de desemprego, cunha renda per cápita menor, familias numerosas ou persoas xubiladas.

“Caracterizámonos polo noso trato e as técnicas que usamos”

Ángel Escarcega, responsable da clínica En Boas Mans

Na rúa Miguel de Cervantes de Lugo, situados xusto ao lado da escalinata da Estación, abriu as súas portas fai dez anos En Boas Mans, un centro de fisioterapia que ofrece un servizo completo para axudar na melloría física dos seus pacientes. Precisamente este mes de novembro celebran o seu décimo aniversario.

Que horario teñen?

Temos unha atención moi ampla, xa que abrimos de 8.30 horas ata as 14.00 pola mañá e de 15.30 a 21.30 polas tardes, de luns a venres.

Como xorde a idea de abrir unha clínica en Lugo?

A idea xurde pola demanda da xente que nos coñecía grazas á clínica que temos en Becerreá dende fai 12 anos. Foi precisamente esa demanda de clientes

e amigos o que nos animou a abrir en Lugo.

Por que escolleron Lugo?

Escolleuse Lugo porque somos desta cidade e tamén queríamos afincarnos aquí, despois de ter estado fóra anteriormente varios anos formándonos.

Que tipo de servizos ofrecen?

Ofrecemos un servizo moi humano e personalizado, somos

un equipo de profesionais que estamos en continua formación e tentamos solucionar a patoloxía do cliente o antes posible.

Que particularidade teñen? Cal é o seu selo distintivo?

Caracterizámonos polo noso trato e as técnicas que usamos, intentando corrixir os fallos e mellorar día a día para poder axudar á xente cos seus problemas. Que ao mellor nun momento non se puido axudar de todo co seu problema chegando ata onde podíamos pero ao seguir formándonos e a xente ao volver confiar en nós permítenos noutros momentos poder solucionarlos de todo.

Que tipo de clientela é a máis habitual?

Temos de todo tipo de clientela pero agora mesmo o noso forte é a fisioterapia traumatolóxica,



deportiva neurolóxica e xeriátrica e vascular. É no que estamos máis formados, levando convenios con diferentes clubs deportivos, con empresas para os seus traballadores, accidentes de tráfico, etc.

Cales son as últimas novidades que teñen?

Como novidades son as clases de pilates e ioga, que empezan este mes de outubro, ademais dos adestramentos persoais, en grupo ou individuais.

E de cara ao futuro?

Estamos coa idea de ofertar novos servizos e ampliar as nosas instalacións.

Os populares presentan un decálogo de propostas sobre mobilidade

Coincidindo coa celebración da semana europea da mobilidade, do 16 ao 23 de setembro, os populares de Lugo presentaron un documento cos desafíos que ten Lugo en materia de mobilidade.

Piden que se actualice o plan de mobilidade e deixar de planificar intervencións urbanas que minorizan o espazo para estacionamento de vehículos. O PP presenta solucións a través de novas infraestruturas como habilitar máis parkings disuasorios no centro e barrios tanto en terreos municipais como a través de convenios con propietarios de solares sen uso. Trataríase dunha cesión temporal e o concello asumiría a limpeza e o mantemento. Ademais do deseño de aparcamentos en altura en puntos axeitados da trama urbana ou recuperar ou rendabilizar o contrato asinado con Red.es para poñer en funcionamento o sistema Smarcity de xestión intelixente do aparcamento.

Sobre transporte público apostan polo redeseño de rutas de autobuses para mellorar os traxectos e integración das liñas de bus en Google Maps para ver as liñas en tempo real; a gratuidade dos autobuses urbanos para distintos perfís e a posta en marcha dun servizo de taxi a de-

manda para reforzar a cobertura da zona rural.

Para a xestión da mobilidade propoñen implantar un sistema de rotación de vehículos en zonas con dificultades de aparcamento; bonificación do aparcamento nos parkings do casco histórico ou das inmediacións do recinto histórico para apoiar ao comercio local.



CAIXA RURAL. A estudante lucense Ana Seijas, graduada en química e bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, obtivo unha bolsa da Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas para ampliar a súa formación cun Master sobre nanobioloxía e fotónica que realizará na Universidade Saclay de París. A bolsa permitirá sufragar o custo da formación así como os gastos da estancia da beneficiaria.

Visitas teatralizadas de novo no cemiterio

Volven as visitas teatralizadas ao Cemiterio Municipal a cargo de Achádego Teatro, que celebra este ano o 75 aniversario desde a apertura do actual Cemiterio de San Froilán. Cristina López destacou a versatilidade do deseño de Eloi Maquieira para realizar actividades como as visitas nocturnas ou as distintas actividades culturais organizadas durante todo o ano, que fixeron que o cemiterio de Lugo fose incluído na Ruta de Cemiterios Históricos Europeos e gañase o recoñecemento como un dos cemiterios máis bonitos do mundo.

FLORISTERÍA ROSE FLOR
Flores para el día de todos los Santos

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

proyecto
construcción
reforma
interiorismo

PROYECTOS CONSTRUCTIVOS RÍO MIÑO S.L.
Estrada Coruña 132 -27003 Lugo www.occhipelle.com

occhipelle@gmail.com telf: 609 80 26 48

Conversa con Branca Rodríguez Pazos, traballadora social, política e activista

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Conmemórase o 40 Aniversario do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, no que Branca xogou un papel moi importante na súa orixe e historia. E sempre levando o nome de Lugo por diante.

Ti tes un vínculo moi forte coa nosa cidade dende o teu nacemento?

Sí, claro. Eu nacín na rúa Castela, xusto na porta da Estación que daquela era o centro neuráxico de Lugo. De alí saían os autobuses regulares e tamén estaba moi preto da estación de tren. Por iso, había moito tránsito de xente e pequenas fondas e hostais que te poñían en contacto co mundo rural. O feito de vivir no barrio da Estación formoume como persoa.

Onde fuches á escola?

Primeiro estudei no Colexio da Milagrosa da praza de Ferrol e logo na Compañía de María ata que fun a Santiago para facer Traballo Social.

Por que fixeches esta carreira?

Eu era moi fantasiosa e quería estudar Dereito para ser como os avogados daquelas series de televisión americanas. Tamén pensei en facer enfermaría para estar en contacto coa xente. Pero daquela coñecía a disciplina do Traballo Social como algo innovador e transformador do mundo. E coñecino a través dunha veciña da rúa Castela, M^{ra} Carmen Alfonso, que o fixera e ela me guiou en todo. Era unha carreira de grao medio como os peritaxes e ao rematar había que aprobar unha reválida para obter o título. Lembro que cando comecei, a Escola de Asistentes Sociais, como nós chamábamola daquela, aínda dependía dun Padroado moi ligado á Igrexa, ao réxime... pero tiñamos moi bos mestres como o pa-

dre José Gómez, que chegou a ser bispo de Lugo. Ademais, fun a Santiago na efervescencia do maio de 1968 e alí os estudantes eran moi revolucionarios. Estivemos moi en contacto con movementos de base como a Xuventude Católica Independente.

Había traballo social nese momento?

Non, non existía, era pura beneficencia decimonónica. Porén, hai que ter en conta que nos anos setenta xurdiu en Sudamérica a Teoloxía da Liberación, cunha Igrexa moi avanzada, influindo moito nas Cáritas Diocesanas, converténdolas en organizacións moi progresistas. Ademais, o meu primeiro traballo foi en Cáritas, aquí en Lugo, e fun moito a Madrid para facer cursos nos que coñecía a Pablo Freire e aos movementos católicos de base dos que aprendín moito. Lembro atopar exemplares da revista "Gaceta Sindical" nos que sempre había un artigo sobre servizos sociais. Foi un momento moi interesante e importante para min xa que supuxo moita aprendizaxe básica. Alí coñecía xente moi aberta e activa socialmente como Jesús Mato, que despois fundaría Auxilio Lugo e Fuxan os ventos. Unha das súas irmás traballaba en Cáritas e, cando a súa nai e os seus irmáns se mudaron a Lugo, vivían con elas dúas compañeiras, reforzando aínda máis a miña relación con esta familia. Tamén coñecía todo un movemento de cregos rurais da montaña, algúns deles vinculados ao PC e CC.OO. Por outra banda, ao ser feminista dende moi nova, tamén participei en organizacións que loitaban polos dereitos das mulleres.

E cal era o panorama dos servizos sociais en Lugo?

Cando fun a Lugo, no 73/74, só traballaban tres traballadoras sociais, en Cáritas e na Xefatura de Sanidade. Os servizos sociais comunitarios non existían, só en determinadas organizacións como o Instituto Social da

Mariña.

Ademais de Cáritas, onde traballas desde entón?

Cambiei moito de traballo, pero sempre dentro da Administración. En 1974 solicitei traballar no mutualismo laboral, organismo estatal da Seguridade Social, sendo destinada a Lugo. Tres anos despois fun á Coruña, cando se creou o Inerser, Instituto Nacional de Servizos Sociais, con dúas direccións xerais, a de Discapacidade e a de Maiores, ás que destinaron ás traballadoras sociais do mutualismo. En 1985 traspasáronse as competencias ás comunidades autónomas, e volvin a Lugo para ser directora do Centro Base de Discapitados.

Participaches no 40 Aniversario do Colectivo Oficial de Traballo Social de Galicia?

Sí, dende o principio participei moito na vida profesional. Ao non haber colexio profesional, creouse AGAS, a Asociación Galega de Asistentes Sociais, na que exercín de vogal de Lugo e tesoureira. Traballouse moito para ter un colexio profesional do que fun vicepresidenta primeiro e despois presidenta.

Que destacarías da túa etapa como directora do Centro Base?

Era unha época moi viva na que había un movemento asociativo de base, sobre todo o das persoas con discapacidade, moi diferente ao actual. Participei activamente neste movemento, concretamente, na asociación de hemofilia da Coruña e na asociación de saúde mental de Lugo.

Nos anos 80 houbo asociacións que defendían os intereses das persoas con discapacidade e das súas familias con cometidos claros no lecer, no mundo laboral, nos aspectos reivindicativos... pero nunca substituíron o labor da Administración. Mais as asociacións pasaron a ser entidades que prestan servizos para a satisfacción dalgúns asociados, pero non de todos. Non



obstante, non hai que esquecer que o movemento asociativo en materia de discapacidade fixo moito neste país para mellorar a situación da poboación en xeral. Pero, na actualidade, penso que sería mellor prescindir das asociacións e levar a cabo un novo regulamento participativo. Hoxe en día non hai quen participe, tanto nas asociacións veciñais, como nas de discapacidade ou calquera outra.

Destacou o seu traballo en materia da accesibilidade da cidade?

Daquela os centros de base estaban ben deseñados, con baños adaptados, mentres que ao seu redor non había nada accesible. E sempre me preocupou que as persoas con discapacidade tiveran as mesmas oportunidades na educación, no traballo, no lecer... e loitei para que se puxeran as primeiras ramplas de acceso ao redor do centro base. Era un dos poucos organismos públicos adaptados. Estas experiencias fixeron medrar moito a miña sensibilidade social, o que me axudou na miña labor como concelleira, ao levar a cabo plans de accesibilidade na cidade, co apoio fundamental do asociacionismo. E quedáronme bastantes leccións. Unha delas foi a seguinte: non por levar unha vida máis normalizada, se es máis feliz.

Un importante paso nos servizos sociais foi cando foron aparecendo as leis autonómicas?

O primeiro paso importante foi cando, a instancias do colexio, en 1984 se crearon os servizos sociais municipais. No colexio fixemos un libriño verde sobre os servizos de atención primaria e participábamnos nos procesos selectivos... Mais todo estaba aínda moi en cueiros. Só había unha traballadora para tres ou catro concellos, pero foron a base dos servizos sociais. Tamén quero dicir que sempre fun de esquerdas e moito máis nacionalista cando comecei a traballar. É certo que as leis teñen en conta a diversidade por territorios. Un exemplo é o servizo de axuda no fogar. Este servizo non se pode prestar da mesma maneira na cidade que no rural xa que unha auxiliar non pode tardar media hora ou máis en desprazarse dunha vivenda a outra. Este servizo podería deseñarse moi ben, de acordo coas características da poboación: moi dispersa, moi maior... Mesmo poderíase dicir que na actualidade hai un estancamento, un parón nos servizos sociais... Continúo co pesar de que non haxa un sistema propio e público de servizos sociais como pasa na Sanidade, na Educación...

Que destacarías da túa etapa como concelleira da Área de Benestar Social?

O meu obxectivo era ter un centro social en cada zona ou distrito. E que tiveran unha configuración de equipo cunha dirección, cun profesional de traballo social, persoal administrativo, de animación social e subalternos como os ordenanzas que eu considero fundamentais.

Que botas de menos actualmente?

Máis dinámica social nos barrios, é dicir que os centros sociais non só sexan espazos para a dar cursos, para facer actividades.

2.000 nenos participan nas 17 escolas deportivas

Esta tempada o número de escolas existentes pasa de 15 a 17. Así, se espera que as instalacións deportivas municipais alberguen ata o remate da próxima primavera a actividade de máis de 2.000 crianzas no contexto formativo das Escolas Deportivas de Lugo. As modalidades ofertadas son baloncesto, balonmán, béisbol, esgrima, loita olímpica, patinaxe, aikido, triatlón, piragüismo, rugby, taekwondo, tenis, tenis de mesa, ximnasia rítmica, hóckey en liña e wáter-polo. "Estas escolas, algunha novas e outras de

gran tradición na nosa cidade, levan anos permitindo que as diferentes modalidades gañen novos deportistas o que aumenta o nivel deportivo dos clubs ao tempo que facilita as relacións persoais, a integración e a realización persoal da nosa mocidade", relatou Bustos que destaca o carácter popular desta actividade. A actividade das diferentes escolas, destinadas a nenos de 3 a 18 anos, comezan en outubro, aínda que a inscrición permanece aberta aínda un tempo por parte dos clubs organizadores. .

O PSOE pide o reforzo do servizo de bus Lugo-Monforte

O Grupo Provincial Socialista denunciou os problemas que están a ter os usuarios e usuarias da liña de autobús que cobre o traxecto entre Lugo e Monforte de Lemos, saturado desde que comezou o curso escolar. Demandan á Xunta de Galicia que reforce o servizo, porque o autobús que sae ás 7:00 horas da Cidade do Cabe chega á Pobra de San Xiao xa sen prazas e con 8 paradas aínda por diante para chegar á capital da provincia. Dase a circunstancia de que moitas das persoas que empregan este servizo son estudantes que non teñen opción de cursar o bacharelato no seu municipio.

O Concello conxela as taxas, que adaptará á nova normativa

A Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de revisión das Ordenanzas municipais para o 2024. En total, modificaranse 7 ordenanzas, co principal obxectivo de actualizar os textos para adaptar a operativa municipal á normativa vixente. Un ano máis, mantéñense as diferentes taxas e impostos nas súas contías. Os cambios atinxen por unha banda, ao Imposto de Bens Inmóveis no que pasan a especificarse os prazos de entrega da documentación que deben achegar os centros educativos concertados que soliciten a súa exención tanto para estes inmóveis

como para as instalacións asociadas que, directa ou indirectamente, se destinan a actividades docentes. E flexibilízanse os requisitos técnicos que deberán cumprir os sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol instalados nos inmóveis, á hora de obter a bonificación do 50% durante 3 anos no IBI, en congruencia coa normativa vixente en materia de eficiencia enerxética das construcións. Igualmente, no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica se clarifica a data na que se ten que cumprir o requisito, xa existente con anteriori-

dade, de estar ao corrente de pago no imposto, que será a data de solicitude, especificando que se o recibo se atopara nesta data en período de cobro en voluntaria, deberá efectuarse o pago nese mesmo prazo de cobro en voluntaria. Modifícase, asemade, a Ordenanza que regula a prestación do Servizo da Rede de Sumidoiros, Saneamento e Depuración de Augas para que teña aplicación, en concreto tamén na taxa da rede de sumidoiros, a estimación do consumo cando non sexa posible realizar a lectura real do contador.

4.000 autónomos recibiron 13 millóns do Plan de Recuperación

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, avanzou en Lugo que 25.000 pemes, autónomos e autónomas de Galicia xa recibiron 90 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno para avanzar na súa dixitalización: "cifras históricas que exemplifican o noso compromiso e que evidencian, unha vez máis, que este Goberno é o mellor aliado das empresas, dos empresarios e das empresarias, poñendo enriba da mesa os investimentos que fagan falta para mellorar a súa competitividade". Deste total, 85 millóns de euros chegaron ás empresas a través do Programa Kit Dixital, en forma de bonos cos que pemes e persoas autónomas poden adquirir ou im-



plementar solucións dixitais innovadoras para os seus negocios. Pedro Blanco realizou este balance durante o acto de presentación da nova Oficina Acelera Pyme (OAP) que xestiona a Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia (AIIG).

Só na provincia, ata 4.000 pequenas empresas e persoas autónomas están a incorporar novas solucións dixitais aos seus negocios con 13 millóns de euros do Plan de Recuperación grazas ao programa Kit Dixital e o apoio das "Oficinas Acelera Pyme".

Vinte emprendedores interesáronse polos locais da Tinería

Máis de 20 emprendedores e emprendedoras lucenses participaron na visita guiada que organizou o Executivo de Lara Méndez a cada un dos seis locais comerciais de titularidade pública, situados no barrio da Tinería, que o Concello pon a disposición das e dos interesados en réxime de aluguer, cunhas condicións moi vantaxosas.

O edil destacou a elevada participación na xornada de portas abertas "o que pon de manifesto interese que esperta esta convocatoria". Para a cesión destes locais, en condicións moi vantaxosas, o Concello de Lugo, a través da área de Dinamización Económica, asinou un acordo co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) que contempla o arrendamento de sete locais de titularidade autonómica, un dos cales, situado na rúa Tinería 36, será empregado polo propio Concello para realizar actividades de dinamización, mentres que os outros seis locais poranse a disposición dos/as emprendedores/as da cidade.

O Concello reducirá os alugueiros nun 70% sobre o prezo estipulado polo IGVS, de xeito que a cota a satisfacer polos arrendatarios destes locais será o 30% do importe total que o Concello pagará a Xunta de Galicia. Ademais a administración local, asumirá o importe do IBI de todos os locais, e este custo non se repercutirá aos arrendatarios. Deste xeito, as rendas oscilarán entre os 18,59 euros mensuais do alu-



guer máis baixo e os 133,82 euros do máis caro.

O procedemento de adxudicación da cesión en réxime de aluguer dos locais, será o de concorrencia competitiva. Os proxectos presentados en tempo e forma serán avaliados por un Comité Técnico, que valorará as propostas en función das condicións específicas da actividade a desenvolver. Aqueles proxectos que pasen este primeiro filtro, serán avaliados segundo a tipoloxía da empresa e a adecuación da actividade proposta ás características do local, a dinamización comercial da zona, e a súa contribución á xeración de afluencia de público. Poderán ser beneficiarios/as da cesión de uso dos locais aquelas persoas físicas ou xurídicas, que pretendan desenvolver unha actividade comercial e/ou de negocio nalgún dos locais que se poñen a disposición na zona da Tinería, sempre e cando se respecte a Ordenanza de Burgos Medievais.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Un informe sobre o lobo da USC prioriza os plans de xestión e pide máis indemnizacións

O informe técnico sobre a percepción social do lobo elaborado por investigadores da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC en colaboración co Instituto de Recursos Naturais e Ordenación do Territorio (Indurot) da Universidade de Oviedo revela un sentir maioritario da poboación do Principado de Asturias pola aplicación de plans de xestión específicos que favorezan a conservación e o control desta especie en cada territorio, ao tempo que considera "escasas" cando non insuficientes as indemnizacións polos danos provocados por este felino nas reses de gandería extensiva que se atopan no monte. Este estudo científico, que ten como primeiro asinante ao investigador Andrés Osoro Corsino, graduado en Enxeñaría Agraria e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, e no que tamén participan

os profesores na EPS de Enxeñaría Ibán Vázquez González e César Pérez Cruzado, ademais do catedrático de Zooloxía Carlos Nores, que tamén é colaborador do Indurot, afonda sobre a diferente percepción social da poboación urbana e rural respecto da actual situación e sobre a súa xestión do lobo ibérico, logo súa inclusión, a finais de 2021, no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial (LESRPE).

A oportunidade deste informe vén xustificada, segundo indica Osoro, polo novo escenario de análise e debate sobre o status do lobo que vén de abrir a Comisión Europea. De feito, neste estudo, focalizado na realidade asturiana e na percepción social existente na rexión sobre o lobo, analízanse as respostas recibidas dos preto de 350 participantes que contestaron a un amplo cuestionario sobre o conflito do lobo.



ALEMAÑA. O deputado de Medio Rural, Mar e Mocidade, Daniel García, recibiu no Pazo de San Marcos a un grupo de especialistas en asesoramento rural de Baviera, que están a participar nun programa de intercambio de asesores rurais a nivel europeo, promovido polo goberno bávaro e a Universidade de Santiago de Compostela e no que participa a Asociación de Asesores Rurais de Galicia.

Consolidan os restos arqueolóxicos de San Xoán de Pena para visitas

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a realizar traballos arqueolóxicos que deixarán á vista a planta completa da antiga igrexa da Eirexe, no lugar coñecido como Adro Vello da parroquia lucense de San Xoán de Pena, e permitirán a súa visita.

As escavacións tamén pretenden chegar no interior ata o posible pavimento da última fase de uso da igrexa ou ao nivel das tumbas detectadas durante os labores de limpeza e prospección realizados hai uns meses. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou a marcha das actuacións e explicou que en total investíronse 30.000 euros no proxecto durante os últimos dous anos.

Os achados indican que neste lugar atopábase a antiga igrexa parroquial de San Xoán de Pena, trasladada no ano 1872 ao seu actual emprazamento; de orixe probablemente prerrománica, revela o proceso de poboamento e culto entre a antigüidade tardía e a alta idade media neste territorio lucense.

A intervención inclúe a diagnose, consolidación puntual e acondicionamento das estruturas arqueolóxicas, garantindo en todo caso unhas condicións de conservación axeitadas para a súa visita.

Durante a pasada semana leváronse a cabo labores de roza e mantemento nunha superficie aproximada de 700 m2 da parcela onde se atopa o xacemento. Tamén se procede á limpeza especializada dos muros e do interior do templo.

A intervención permitirá afondar na investigación do xacemento arqueolóxico, que se documentará



exhaustivamente, incluíndo o levantamento topográfico xeorreferenciado -mediante fotogrametría 3D- da área de actuación así como debuxos arqueolóxicos das estruturas exhumadas. Actualízase o panel interpretativo coa incorporación dos resultados da campaña actual e acometeranse accións de difusión para a súa posta en valor.

Neste lugar leváronse a cabo unha serie de intervencións nos anos 70 do século XX baixo a dirección de Ricardo López Pacho, profesor do colexio dos Maristas de Lugo. Estes elementos atópanse no Museo Provincial de Lugo e no Museo Diocesano, así como reaproveitados na igrexa nova ou depositados nas súas dependencias.

Reclaman en Adai investimento para conservar o patrimonio

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, visitou o xacemento arqueolóxico do Círculo Lítico de Adai onde mantivo un encontro co equipo técnico para coñecer de primeira man a situación na que se atopan os traballos e constatar a importancia que atesoura esta escavación cuxa orixe atópase na Idade de Bronce. A rexedora mostrou o seu compromiso por acadar que as investigacións poidan continuar e comprometeuse a traballar para que a zona acade canto antes a máxima protección legal. "É necesario que a Administración

autonómica invista en Lugo para investigar e conservar o noso patrimonio histórico que é o patrimonio de todos os galegos e galegas", sinalou a alcaldesa.

Tras a súa visita, a rexedora anunciou que o Goberno local impulsará ante a Xunta que a zona poida ser catalogada axiña como BIC para acadar a máxima protección legal e blindar así o seu potencial científico, histórico e divulgativo. "Para acadar ese recoñecemento é necesario que os traballos poidan continuar e para iso é necesario financiamento", dixo.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</p> <p>FISIOTERAPIA Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfático E.P.I. / EPTE</p>	<p>TRATAMIENTOS Accidentes de tráfico Lesiones Deportivas Neurológico Traumatolóxico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
---	--

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

ÚNICOS EN LUGO ESPECIALIZADOS EN LA SALUD BUCODENTAL DE TU MASCOTA

SI TU MASCOTA MUESTRA ALGUNO DE ESTOS SÍNTOMAS...

- Tiene mal olor de boca
- No te deja tocar su boca
- Le cuesta comer, morder objetos o apenas juega

...PUEDE SER POR UNA PATOLOGÍA BUCAL COMO ENFERMEDAD PERIODONTAL O UNA CAUSA MÁS GRAVE....

PORTOVET

¡VEN A CONOCERNOS! Y ASESÓRATE CON NUESTRO ESPECIALISTA EN ODONTOLOGÍA VETERINARIA para conocer las mejores opciones de tratamiento

Calle Dinan 1-3, Lugo

Cita previa
982 46 50 65

Urgencias
655 36 97 33

¡Una boca sana alarga la vida de tu Mascota!

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santiago de Saa

Esta parroquia, ademais da igrexa parroquial, posúe a Capela de San Antonio no núcleo de Vilamoure

Santiago de Saa é unha das parroquias situadas dentro do concello de Lugo que conta na actualidade cun total de 171 habitantes divididos en nove núcleos de poboación, Barreiro, Castro Alfonsín, Cuiña, Faxilde, Galegos, Outeiro, A Raña, Saá e Vilamoure. Castro Alfonsín é o núcleo que alberga unha maior cantidade de poboación cun total de 42 habitantes seguido por Vilamoure con 38 e Galegos con 24. Por outra banda Cuiña é o núcleo menos poboado con só tres veciños seguido de Barreiro e Faxilde con oito. A igrexa parroquial é unha obra antiga, anterior ao século XVI xa que consta que Gregorio Barro, mestre de canteira, contratou en 1572 a reedificación deste templo e o seu anexo, sen embargo o que se conserva principalmente na actualidade é máis moderno, do século XVIII. Esta construción conta con aparello de perpiaño nas esquinas e o resto está revocado, salvo a fachada principal. Nesta pódese observar unha porta alintelada con dúas pilastras sobre a que hai molduras xeométricas e un entablamento cunha ventá cunha inscrición. A nave principal é rectangular con cuberta a dúas augas de lousa e unha bóveda no seu interior. Nos

laterais conta con dúas capelas tamén de planta rectangulares e con arco de medio punto para acceder. A capela maior ábrese ao cruceiro tamén cun arco de medio punto e a sacristía está pegada ao muro esquerdo da capela maior. A capela maior ten unha imaxe da Virxe do Rosario, actual, e tamén un Santiago peregrino e un Santiago que foron restaurados recentemente. Por outra parte, a capela lateral dereita posúe unha virxe neoclásica e un camarín rodeado dun óvalo no que hai quince relevos correspondentes aos quince misterios do Rosario así como outros relevos de ánimas e santos. Na parte máis ancha mide 2,85 metros. O retablo da capela lateral esquerda é do século XVIII con estíptes e imaxes de Cristo atado a columna, da mesma época co retablo de Santa Teresa que está algo deteriorado. Este retablo ten unha medida de 2,60 metros. A sacristía conta cun crucifixo do século XVIII con case un metro de alto a cruz. Esta parroquia de Santiago de Saa ademais da súa igrexa parroquial posúe a Capela de San Antonio ubicada no núcleo de poboación de Vilamoure. Construída no século XVIII ten aparello de sillar na fachada e



nas esquinas mentres que o resto da construción está revocada. O frontón da fachada principal garda unha imaxe de San Antonio realizada en pedra e un pouco máis arriba, tamén na fachada principal, un escudo. No seu interior pódense atopar dúas capelas laterais unidas á capela maior do templo. Os retablos e imaxes do interior son da mesma época que a igrexa e atópanse restaurados, o maior ten unha imaxe de San Antonio, o do lateral dereito de San Xosé e San Fidel e o do lateral esquerdo imaxes da Virxe e de San Antonio Abad. Por último, preto desta capela e ao pé da estrada que vai dende Lugo ata Portomarín podemos atopar un peto das ánimas, coa imaxe de San Antonio que data do ano 1923 e ten planta rectangular.



cocina - baño - decoración

MOBELRIAS

A túa vida
ben amoblada

villamor
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es
cta. N-VI (mao) - c. coruña) km 326,4 - Lugo

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es



O PP pide unha actuación completa no Carme e un aparcadoiro en Fontiñas

O Partido Popular propón que o bipartito desenvolva o planeamento para reordenar e fomentar o investimento no Carme. Ten como obxectivo que se lle dea unha segunda vida ao barrio “nunha das zonas máis emblemáticas da cidade para recuperar de forma integral unha zona senlleira de Lugo, que acabou sendo un espazo vulnerable, en vez dun lugar de futuro e oportunidades”.

O concelleiro Ramón Cabarcos explicou que “o que está facendo agora o bipartito nesta zona é unha actuación superficial, un pinta e coloreo que non profundiza, nin soluciona os problemas do Carme”.

Dende o PP propoñen levar a cabo un planeamento novo reordenando o Carme xa que “tal e como está arestora é unha zona inmovilizada, non é un lugar atractivo para o investimento” engadindo que “se non reaccionamos en 2027, cando acabe este mandato, seguirá todo igual”.

A proposta do PP para a rexeneración do barrio do Carme supón a modificación do PXOM para redeseñar as disposicións do PERI-6 e fixar un coeficiente de edificabilidade delimitando os espazos destinados

a aproveitamento residencial, así como os espazos destinados a outros usos.

FONTIÑAS. Os populares defenderán unha serie de medidas encamiñadas a mellorar a circulación e o estacionamento na cidade, medidas que inclúen entre outros a realización dun estudo pormenorizado para dotar de aparcadoiros disuasorios os barrios da cidade, dotacións que se poderían crear tanto en terreos públicos como en privados, neste caso negociado a cesión, arrendamento ou adquisición de solares privados naquelas zonas que sexa preciso.

No caso de Fontiñas insistirán na necesidade de crear un aparcadoiro disuasorio na rúa Primavera, nos solares de titularidade municipal nos que se poderían crear uns 100 aparcamentos, e un aparcadoiro en altura neste barrio, propoñendo dúas localizacións, unha á altura do número 105 e outra á altura do 129.

Outra solución que presentan é habilitar aparcadoiros de uso temporal en zonas con gran densidade comercial, en especial onde se atopan establecementos esenciais.

Comeza a obra de consolidación da Ponte Romana de Lugo

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas anunciou o inicio da intervención urxente para consolidar a Ponte Romana. Penas explicou que “no pasado mes, un equipo especializado analizou o desgaste ao que se someteu a estrutura desde as crecidas de caudal de comezos de ano e aos impactos de árbores impulsados polas correntes”, e engadiu “imos intervir no menor tempo posible para frear o desgaste da estrutura e garantir a integridade dos distintos piares da ponte”.

O Goberno de Lugo actúa para frear o deterioro da ponte antes do comezo da época de choiva. Os traballos consisten na colocación de láminas de madeira hidrófuga reforzadas por unha estrutura que permitirá frear a erosión da auga. Ademais, substituiranse algúns dos sillares danados. Alexandre Penas explicou que a Tenencia de Alcaldía busca con esta intervención “garantir o mellor estado de conservación da Ponte cunha



acción rápida antes da crecida do caudal do río ao remate do verán”. O Goberno de Lugo executará, de cara á vindeira tempada, a restauración de todas as estruturas da ponte afectadas.

Penas anunciou que a ponte sufrirá cortes no tránsito peonil durante as horas de traballo debido a que “as grúas dispoñibles son máis grandes do esperado”. Fóra do horario, o

paso da ponte reabrirase con normalidade.

Penas lembrou tamén a importancia histórica da infraestrutura, “dotada de protección integral que forma parte do Camiño de Santiago, Ben de Interese Cultural, e que se atopa encravado dentro dunha zona Red Natura 2000, en concreto na Zona de Especial Protección dos valores Naturais (ZEPVN) Parga-Ladra-Támoga”.

Arroxo revisa a obra de renovación do alumeadado público na rúa Dinán

Rubén Arroxo visitou os traballos de renovación de alumeadado público que se están a executar na contorna de San Roque. “Seguimos a traballar na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumeadado eficiente”, explicou Alexandre Penas.

O Goberno de Lugo está a renovar as luminarias das rúas Hermanitas, Río Neira, Cidade de Vigo, Pedro

González López, Dinán e Praza de Breña que na actualidade empregan elementos contaminantes como Vapor de Sodio, e que pasarán a ser luminarias LED de baixo consumo e alta eficiencia. “Trátase de luminarias programables, que permitirán aumentar o aforro enerxético nas horas sen tránsito peonil nin de vehículos”, afirmou o concelleiro de Infraestruturas.

O consumo enerxético do alumeadado desta zona reducirase en preto dun 37%, permitindo que Lugo avance na implantación dun alumeadado eficiente en toda a cidade. Penas lembrou que a concellería de Infraestruturas investiu, nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros na renovación do alumeadado público, instalando luminarias de baixo consumo e aplicando a perspectiva de xénero.

O asfaltado da avenida das Américas farase cando remate a obra de Begasa

Alexandre Penas, concelleiro de Infraestruturas Urbanas, informou que unha vez rematen os traballos de renovación que se están executando por parte de Begasa nas canalizacións do cableado eléctrico na avenida das Américas, o Goberno continuará a traballar na renovación integral do asfaltado da mesma.

Alexandre Penas destacou “a coordinación” entre os servizos técnicos do Concello e da empresa eléctrica “para garantir o mellor estado dunha das principais vías de entrada a Lugo”. O edil de Infraestruturas explicou que a previsión é ter os traballos



completamente rematados cara ao final do mes de setembro.

Penas explicou que a actuación proxeitada pola Concellería de In-

fraestruturas da continuidade ao traballo realizado no pasado ano. “Hai dous anos renovouse o alumeadado público desta zona, e continuamos actuando no asfalto da parte final da rúa, o treito que comunica coa N-540, e coa intervención que se está a executar cumprimos co obxectivo de renovar esta rúa por completo, garantindo o bo estado das vías de Lugo”. Na actualidade, a intervención está rematada en sentido de entrada a Lugo, mentres que os traballos nos carrís de saída están paralizados ata que remate o mantemento da rede eléctrica.

A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO
Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

Remata o acondicionamento do río Rato e o paseo da Chanca

A Deputación de Lugo vén de rematar a posta a punto da ruta do Río Rato e do Paseo da Chanca, nun tramo total de 4,5 quilómetros, que comprende ata a rotonda do Sagrado Corazón. Os traballos consistiron no acondicionamento e na sinalización deste espazo verde e de lecer. Concretamente, leváronse a cabo diferentes accións destinadas á conservación dos diferentes elementos presentes na ruta, como a limpeza dos 25 bancos de dito treito e a posterior aplicación dun produto protector da madeira; a substitución de 20 papeleiras danadas por outras novas de madeira tratada; ou a limpeza e reparación de 5 paneis informativos. Tamén se instalaron un total de 10 fitos quilométricos cada 500 metros na marxe dos camiños; uns elementos que son de madeira tratada,



serigrafiada. Sinaláronse ademais 2 pasos de peóns, nos cruzamentos do itinerario peonil co carril bici, con marcas reflexivas brancas. Agrotecnia foi a empresa encargada dos traballos, aos que a Deputación destinou máis de 17.000€. Ademais, coa colaboración do Con-

cello, a Deputación dotou tamén ao paseo e á estrada dun sistema de iluminación grazas a un investimento conxunto de 750.000€. Unha actuación que consistiu na instalación de 283 puntos LED entre a Avenida de Madrid e o parque do Sagrado Corazón.

Investirán máis de 8,5 millóns de euros na ampliación das Gándaras

A Xunta de Galicia investirá máis de 8,5 millóns de euros —concretamente, 8.520.497,57 euros— nas obras de ampliación do parque empresarial das Gándaras, en Lugo. Para tal fin, o Consello autorizou hoxe a empresa pública Xestur para licitar o contrato de urbanización correspondente ás fases IV, V e VII.a, que abranguen unha superficie total de 218.472 metros cadrados e dos cales o 71 % se reservará a habilitar parcelas de uso industrial.

Este mesmo mes sacaranse a licitación pública as obras, cun prazo de execución estimado en 15 meses. Deste xeito, prevese que o groso dos traballos se desenvolva ao longo do vindeiro ano e que a ampliación poida estar rematada en 2025.

Grazas a esta actuación, o polígono sumará 38 novas parcelas, que se porán á disposición das empresas interesadas en asentarse na comarca ou ampliar e mellorar as súas instalacións. De feito, os terreos da fase VII.a xa foron adjudicados de forma directa á empresa enerxética Norvento en abril deste ano a través da declaración como proxecto empresarial singular da nova fábrica vinculada ao sector das enerxías renovables que ten proxectada neste parque e coa que completará as súas dependencias actuais.

Cómpre lembrar que o proxecto sectorial para o desenvolvemento do polígono das Gándaras foi aprobado en 2007 e sufriu nos

anos posteriores 3 modificacións, coa finalidade principal de adaptar o tamaño das parcelas e a distribución de usos ás necesidades do tecido empresarial e ás demandas detectadas.

A súa execución comprende un total de 9 fases de urbanización, cun ámbito bruto de 2,1 millóns de metros cadrados, dos cales aproximadamente a metade está previsto que se destinen a albergar 268 parcelas de uso industrial.

Ata o momento o Goberno autonómico leva investidos nas Gándaras ao redor de 56 millóns de euros entre o custo de adquisición

dos terreos —que se compraron na súa totalidade entre os anos 2007 y 2009—, das obras de urbanización das tres fases (I, II e III) que xa están en servizo e dos traballos técnicos, taxas e trámites adicionais.

Desde o ano 2015, o parque empresarial das Gándaras, como todos os que xestiona a Xunta na provincia de Lugo, ofrece solo industrial con prezos de venda bonificados nun 50 %, polo que as empresas que adquiriron parcelas nel durante este período aforraron preto de 17,6 millóns de euros nas súas operacións.

No te lles!!!
 La mejor manera de que te acuerdes de todo es con nuestras
SUPER AGENDAS!
 Siguenos en
 Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
 info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

O novo Centro Integral de Saúde da Residencia abrirá neste mes



O primeiro Centro Integral de Saúde de Galicia, situado en Lugo, comezará a funcionar este mes de outubro. O titular do Goberno galego fixo este anuncio durante unha visita a estas novas instalacións no barrio da Residencia que darán servizo ata a 240.000 usuarios.

O obxectivo dos centros integrais de saúde é concentrar nun mesmo edificio a atención primaria ordinaria, a atención urxente (PAC) así como servizos especializados para convertelos en punto de referencia dos pacientes de diferentes barrios —no caso das cidades— ou de diferentes localidades, no caso dos CIS a nivel comarcal.

O futuro CIS de Lugo albergará a base do 061, centro de saúde e PAC —con 46 consultas—, área de saúde mental —con 22 consultas— e espazos especializados en saúde bucodental, fisioterapia, saúde da muller ou radiodiagnóstico. Ademais contará co último en tecnoloxía diagnóstica, o que permitirá habilitar unha sala de radioloxía, outra dotada cun mamógrafo e unha sala de radiodiagnóstico con telemetría para realizar radiografías completa de columna ou dos membros inferiores (desde a pelve ata o nocello).

A previsión é que o novo Centro Integral de Saúde de Lugo comece a funcionar este mes e que antes de rematar o ano estean operativos o 100% de servizos.

OFICINA DO SEPE. A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou o investimento que fixo o Goberno de 1.227.000 euros, así como a cesión de terreos das instalacións da antiga Escola de Enfermería que foron cedidas gratuitamente pola Tesourería Xeral da Seguridade Social para a nova oficina do SEPE no barrio da Residencia. A nova oficina integrará as dúas que están actualmente situadas na rúa Campos Novos e Río Cabe.

Con esta achega, garátese un acondicionamento axeitado das infraestruturas, solucionando problemas relacionados coa insuficiencia do espazo, tanto para persoal como para usuarios do servizo, a climatización, o mobiliario ou a mellora de sinalizacións e seguridade, entre outros.

O SEPE realiza os trámites para prestacións por desemprego para 8.268 lucenses, así como a procura de emprego para os 12.190 persoas desempregadas.

¡VUELTA AL COLE! escolActiva

- Refuerzo escolar en Infantil y Primaria
- Apoyo en ESO y BAC (todas las materias)
- Preparación de Pruebas de Acceso: acceso a Ciclos, acceso a Universidad, Competencias clave.
- CELGA 2, 3 y 4 modalidad online y presencial (CONVOCATORIA EN NOVIEMBRE)
- Idiomas: inglés, italiano y español para extranjeros

Rúa Camino Real 48, bajo Lugo. ☎ 676 115 427 / 982 807 670
 www.escolactiva.com

Lugo Monumental denuncia que a rúa do Moucho esté pechada desde hai 25 anos



O colectivo veciñal Lugo Monumental denuncia que unha rúa do centro histórico leva pechada un cuarto de século. En xuño do ano 1999 comezouse a rehabilitación do Pazo dos Montenegro situado fronte á Catedral e lindeira coa Muralla, ambos os elementos Patrimonio da Humanidade.

Desde aquel momento a obra implicou o peche ao paso peonil da rúa do Moucho (inmediatamente paralela á propia Muralla e que forma parte de considérase o paseo interior da mesma), unha situación que se consolidou coa instalación dun valo e uns soportes para evitar o derrube da casa adxacente ao propio Vicerreitorado.

“A os poucos meses de cumprirse 25 anos de parálises, a rúa segue pechada ao tránsito peonil, algo que non pode menos que causar estupor pola desidia e deixamento que as administracións implicadas están a ter respecto a este asunto.

Por moito que a casa en cuestión sexa de titularidade particular, a afectación ao paso por unha rúa durante lustros converte esta cuestión nun asunto público”, explican. E engaden que “por se isto fose pouco, o apontoamento que se aplicou á construción está apoiado na Muralla Romana de Lugo, e mesmo o valo está ancorada a este elemento, Patrimonio da Humanidade, dando unha terrible imaxe da cidade e da conservación do patrimonio común”.

O 31 de maio de 2022, fai máis dun ano, esta asociación puxo en coñecemento das administracións municipal e autonómica este asunto, “sen que a día de hoxe recibísemos contestación, e moito menos actuouse de ningún xeito sobre esta situación”. Ante esta situación a Asociación reitera as súas denuncias e non descarta levar a cabo outras accións para lograr desbloquear este asunto.

PP e veciños piden ao Concello alternativas de aparcamento aos residentes no centro da cidade

A Plataforma de Veciños do Barrio Centro de Lugo está colaborando activamente co Concello co fin de minimizar as molestias derivadas das obras de peonalización do barrio, detectando todos aqueles problemas que van xurdindo diariamente e que afectan á seguridade ou convivencia dos veciños. Unha vez confirmados, documentados e filtrados, estánselle trasladando puntualmente ao Concello nunha intensa e frutífera colaboración en favor da cidade.

Co inicio das clases nos colexios das zonas en obras, indica que se xerou un risco importante para os nenos do colexio A Milagrosa na praza de Ferrol. Ademais do bus que o goberno local pon ao dispor dos pais para o traslado dos escolares, a Plataforma solicitou ao Concello o pintado dun paso de peóns nun lugar concreto que as familias consideraban idóneo para a seguridade dos pequenos

e con celeridade atendeuse esta petición pois devandito paso está xa en funcionamento.

Afirman que os veciños observan tamén con satisfacción que están a efectuarse os traballos de reparación do pavimento da rúa San Marcos, que se demandaron tamén desde a plataforma veciñal pola súa evidente deterioración e risco para os transeúntes. E seguen á espera de que o Concello cumpra o seu compromiso coa Plataforma de mantemento dos xardíns de Santo Domingo e posible ampliación dos mesmos.

Explican tamén o problema duns veciños da praza de Ferrol aos que se corta o acceso aos seus garaxes durante 10 días polas obras e calculou o custo de posibles abonos no aparcamento municipal e con este traballo previo solicitou directamente ao Concello unha solución para estes veciños.

Luz verde ao proxecto da reforma do centro de saúde da Milagrosa

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de aprobar o proxecto básico da reforma integral do Centro de Saúde da Milagrosa de Lugo, que suporá un investimento autonómico de 2,5 M€.

Na actualidade estase redactando o proxecto de execución, cuxo remate se prevé para antes de que remate este ano. A Xunta traballa co obxectivo de licitar estas obras no vindeiro mes de marzo.

Trátase do deseño dun novo edificio para o centro de saúde, cunha superficie 1807,64 m2 construídos. Cómpre lembrar que o actual centro de saúde, construído a finais dos anos 60 como clínica-sanatorio, ten a estrutura en bo estado de conservación, pero é necesaria a renovación do resto da construción, incluíndo fachadas e cubertas, e tamén a mellora da accesibilidade exterior e interior.

A partir do citado proxecto, modificarase a distribución das plantas na súa totalidade, reorganizándose e



ampliando consultas e zonas de espera, realizando aseos adaptados e zonas de servizos.

As instalacións actualizaranse ás necesidades e normativa actuais, modificando a estrutura debido á incorporación dun ascensor portacamillas e tamén a cuberta para incorporar programa de usos baixo a mesma.

Unha vez realizada esta distribución por plantas, o andar baixo destinarase a accesos, recepción, consultas e salas de acceso próximo á entrada,

así como espera e servizos. As plantas primeira e segunda reservaranse para consultas, espera e servizos. A planta baixo cuberta destínase aos locais específicos de médicos e o soto a almacenaxe e espazo libre disposición.

As zonas de espera contarán con iluminación natural e haberá unha galería como espazo para colchón térmico. As fachadas, partindo de máxima eficacia e economía e baixo mantemento, resolveranse en galería de vidro.

Aprobado o proxecto da terminal de autobuses da futura Intermodal

O Consello da Xunta aprobou o proxecto da terminal de autobuses da estación intermodal de Lugo, que suporá un investimento autonómico que rolda os 13,7 millóns de euros. O titular do Goberno galego enmarcou esta iniciativa no compromiso da Administración autonómica de “fomentar o uso do transporte público” para facilitar a mobilidade sostible.

O acordo do Executivo autonómico culmina así a tramitación urbanística do proxecto ao abeiro da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, que permite reducir os prazos de tramitación. Deste xeito, o Goberno galego ordena o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística, conforme a Lei do solo de Galicia, e avanza cara á dotación á cidade de Lugo dunha nova infraestrutura de transporte esencial como nexo de comunicación e garante dun modelo de mobilidade máis sustentable.

Tal e como explicou Rueda, ao abeiro do convenio asinado o pasado mes de marzo con Adif e co concello de Lugo, o Goberno galego vaise facer cargo da construción e financiación da terminal de autobuses que formará parte da futura estación intermodal.

A Xunta financia o 100% da construción dun edificio de viaxeiros e unha zona de dársenas con capacidade para 18 autobuses, máis 5 de regulación, cun investimento de 8,5 M€. A terminal terá unha superficie de 550 m2 e distribuirase en dous andares. Na cota de dársenas disporase un interior con espazos diáfanos en que se atopen as zonas de atención a viaxeiros ou a cafetería e o andar superior destinarase a usos administrativos e instalacións da xerencia da terminal.

Pero ademais, a Xunta vai asumir preto do 40% do custo (o 37,50%), polo tanto 4,7 M€, de construír o aparcadoiro da intermodal -xusto debaixo da terminal de autobuses- con 240 prazas.

É dicir, tal e como resaltou Rueda, a Xunta “incrementa nun 50%” a contía que lle correspondería achegar polo financiamento da terminal de autobuses, xa que afronta tamén parte dos custos do aparcadoiro que é un proxecto de Adif.

Con esta aprobación, a Xunta está en disposición de concluír o proxecto de execución para, de firma inmediata licitar a obra conxunta da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo antes de rematar este ano.

A Xunta asegura que construír na cidade 146 vivendas de promoción pública

A Xunta de Galicia está a tramitar a contratación da redacción do proxecto e dirección de obra de dúas promocións de vivenda pública no barrio de Garabolos, en Lugo, que sumarán 146 pisos e ás que destinará un orzamento estimado de máis de 21 millóns de euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que estes contratos licitáronse no mes de xullo, por un valor conxunto de 1.175.500 euros, e están actualmente en fase de valoración das ofertas presentadas.

O delegado engade que “independentemente destes proxectos, queremos executar tamén o investimento que estaba previsto no Castiñeiro”. Ao respecto, puntualiza que esta parcela e as dúas de Garabolos nas que se proxecta edificar son as únicas de titularidade autonómica na cidade nas que actualmente é posible unha actuación directa sen necesidade de desenvolvemento urbanístico previo.

En concreto, construír as edificacións en solares da Xunta na avenida Paulo Fabio Máximo, unha con 76 vivendas e un investimento previsto de máis de 11 millóns de euros, e a segunda con 70 pisos e un investimento previsto de 10,1 millóns.

As obras para o deporte

Comezan as remodelacións do Pazo e rematan outras melloras en campos de fútbol, que cambian o sistema de rega, entre outros traballos en marcha

Comezaron os traballos de reparación da cuberta do Pazo dos Deportes co obxectivo de paliar as filtracións que se producen con episodios de chuvias fortes. A actuación céntrase nas zonas máis vulnerables do teito, que se recubrirán con lámina asfáltica para evitar que a choiva se filtre.

O vicepresidente da Deputación de Lugo e deputado de Deportes Efrén Castro sinalou que “se trata dunha intervención parcial para tratar de atallar os problemas máis urxentes da cuberta das instalacións nas que, lembrou, se está actuando en varios ámbitos, coa renovación completa da iluminación, que culminamos a finais da tempada pasada, e a instalación de 2.000 novos asentos nas bancadas inferiores, que se completará nas vindeiras semanas”.

Por outra banda, anunciou que completará a renovación do Anexo coa instalación do novo pavimento, un parqué coa máxima certificación da FIBA que garantirá as mellores condicións para os 60 equipos de base que adestran e xogan nas instalacións. O vicepresidente da Deputación e deputado de Deportes Efrén Castro mantivo unha reunión con representantes de Estudiantes, Ensino, Franciscanos, Cidade de Lugo, Sagrado Corazón e Maristas para explicar as tarefas a desenvolver nas próximas semanas.

A renovación do pavimento completará as tarefas desenvolvidas nos últimos meses, centrados na impermeabilización do edificio. Habilitáronse aliviadeiros nos canlóns exteriores e estruturas interiores

de reforzo, para evitar filtracións de auga que poidan deteriorar o novo pavimento. Tamén se realizaron traballos nas paredes interiores, coa retirada dos paneis de madeira e o pintado dos muros.

A instalación conta tamén cunha iluminación completamente renovada, tras a substitución das antigas luminarias por 48 proxectores LED que reducen o consumo eléctrico da instalación nun 60 por cento.

As obras de renovación da instalación, que comezaron o pasado mes de xullo, supoñen un investimento de 320.000 euros.

Pola súa parte, o Partido Popular asegurou que “os afeccionados xa están cansos das reiteradas promesas incumplidas por parte do goberno da Deputación”, explica o voceiro popular na entidade pública, Antonio Ameijide.

MUNICIPAL DE LUGO. Tamén está en marcha os traballos de renovación eléctrica do Pavillón Municipal, para os que o executivo local destinou un investimento de 135.513 euros, co obxectivo de incrementar a súa eficiencia enerxética.

Xa se cambiou o cadro de protección xeral, os circuitos de alimentación dos proxectores da pista, unha parte das canalizacións, así como das pantallas de iluminación por outras tipo led, que se compatibiliza coa actividade deportiva.

Precisamente, co fin de mellorar a eficiencia da iluminación do pavillón da rúa Santiago, que actualmente está constituído na súa maioría por lámpadas obsoletas e de elevado

consumo enerxético, propónse a substitución das mesmas por outras de tecnoloxía led, adecuadas a cada espazo iluminado.

Correxirase, así mesmo, o ángulo exposto da iluminación, pois a existente crea sombras, de forma que se recolocarán, alén, os proxectores de pista co fin de conseguir unha cobertura homoxénea. Respetaranse, por outra banda, as liñas de acceso e os xogos de luz que permiten realizar as luminarias actuais ao tempo que se substituirá toda a iluminación exterior por lámpadas de tecnoloxía led, incluíndo as letras corpóreas da fachada do edificio.

AS PEDREIRAS. No capítulo de obras en marcha, o Concello está a mellorar o Estadio Gregorio Pérez Rivera co financiamento da Xunta. O obxectivo deste investimento, que supera os 47.000 euros, é equipar o terreo de xogo cun moderno sistema de rega que permita unha mellor conservación do céspede natural á vez que axude a reducir o volume de auga utilizada en busca dunha maior sustentabilidade. Deste xeito, o Goberno local busca que o campo anexo á instalación de As Pedreiras sexa máis seguro e máis eficiente.

O manto vexetal estará abastecido por un total de 35 aspersores. O sistema, que xa se atopa na fase final da súa instalación, consta de 15 fontes de círculo completo, 16 sectoriais a 180 graos e catro máis de 90 graos. Todo o conxunto está comandado por un programador electrónico que serve para o control de todo a rega



do campo e unha optimización do uso da auga.”

A POLVOREIRA. O Concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, reuniuse cos representantes dos clubs deportivos que desenvolven a súa actividade no campo de fútbol da Polvoreira para anunciar a intención do Executivo de Lara Méndez de abordar unha profunda remodelación desta instalación municipal.

O Goberno local prevé instalar un novo céspede artificial de última xeración e orixe reciclado, un innovador sistema de rego que permite un importante aforro de auga e un alumado que aposta pola eficiencia enerxética con tecnoloxía LED. Instalarase tamén unha base elástica de caucho reciclado para mellorar a resiliencia do terreo de xogo e mini-

mizar o risco de lesións.

Con estas melloras, o Goberno local aspira a que a instalación deportiva alcancen unha redución de consumo de enerxía primaria non renovable de polo menos un 30%. Para iso, realizará unha renovación total do sistema de iluminación, actualmente formado por proxectores de halóxenos que será substituídos por proxectores LED de alta eficiencia enerxética. Ademais, co cambio dos actuais canlóns de longo alcance en superficie por aspersores emerxentes reducirase o consumo de auga nun 10%. Por outra banda, a auga da rega ou choiva que recollen os canlóns de drenaxe laterais conduciranse a un depósito subterráneo para a súa reutilización, co que, entre ambas actuacións, redúcese practicamente a cero o consumo de auga.

Para impulsar o uso do tren, Arroxo pide modernizar as infraestruturas

Rubén Arroxo, portavoz do BNG no Concello de Lugo, afirmou que a solución aos problemas de conexións ferroviarias de Lugo “precisan de investimentos serios que melloren as nosas infraestruturas”. Arroxo valorou a proposta de liñas circulares para as cidades galegas como “unha mellora para a situación actual”, mais afirmou que “isto non solucionaría o problema de incomunicación de Lugo, precisamos actualizar unha infraestruturas que quedou ancorada no século XIX”.

O portavoz do BNG afirmou que “o tren está chamado a ser o medio de transporte do futuro”, mais destacou que “para que a veciñanza aposte por este medio en

vez de usar o coche, as liñas teñen que ser rápidas e seguras, algo que só se conseguirá actualizando as infraestruturas e creando unha verdadeira rede de cercanías na Galicia”.

Rubén Arroxo lembrou as propostas que desde o BNG se veñen reclamando nos últimos anos, como a creación da variante entre Curtis e Ordes, “que permitiría conectar Lugo e Compostela de xeito directo cun novo treito de vía de só 27 Km, e facendo que Lugo deixe de ser a única cidade que non ten conexión directa en tren coa capital de Galicia”, ou a actualización da vía Lugo – A Coruña, “un traxecto que en tren leva o dobre que en coche”. No ano 2020, unha dele-

gación do BNG realizou a viaxe de Lugo á Coruña en tren, tardando 2 horas e 35 minutos, “practicamente o mesmo que o AVE de Ourense a Madrid que ese día fixo a súa viaxe inaugural”.

Sobre a Liña Lugo – Ourense, Arroxo afirmou que “a electrificación é un gran paso adiante que levaba moitos anos sendo necesario, mais imos continuar sen comunicacións en ferrocarril de alta velocidade debido ao trazado”. Segundo Rubén Arroxo, “desde o BNG seguiremos traballando para que o Goberno do Estado aposte en serio pola mellora da infraestruturas ferroviaria e que se poña a Lugo ao día en materia ferroviaria”.

Rematan as melloras do colexio de Paradai

Remataron as obras de rehabilitación integral do CEIP de Paradai, en Lugo, nas que se investiron preto de 1 millón de euros.

A reforma incluíu a mellora do illamento da estrutura, cambios de carpinterías e a remodelación de espazos interiores, entre outras actuacións. No bloque principal destaca a substitución da cuberta de lousa por unha de panel sándwich e a renovación de lucernarios, canlóns e baixantes; ademais da reforma de aseos, a colocación dunha nova rampla de acceso na entrada principal e a instalación dun ascensor.

No edificio de Infantil melloráronse as aulas coa construción de novos baños, a instalación de falso teito e a colocación de pavimento de PVC.



Tamén se acondicionaron os aseos e cambiouse o solado do soportal exterior. Substituíronse as carpinterías exteriores por outras de maior estanquidade, con sistema de apertura oscilobatente e vidro dobre con cámara de aire. Con respecto á iluminación, instaláronse equipos LED de alta eficiencia con regulación lumínica e detectores de presenza en zonas comúns.

A Deputación comeza a renovación da estrada que vai á Feira do Monte



A Deputación de Lugo iniciou as obras para a renovación do firme da estrada LU-P-1706, que une a Feira do Monte, en Cospeito, e Castro Ribeiras de Lea, cun investimento de 150.000€.

Os traballos, iniciados en agosto, afectan a tres treitos diferentes: do punto quilométrico 2,450 ao 2,750; do 5,200 ao 6,500; e do 7,300 ao 8,600-. Unha vez acometida a limpeza de cunetas e drenaxe, esta semana lévase a cabo a pavimentación da calzada para rematar coa sinalización horizontal mediante o pintado de marcas reflexivas brancas.

A empresa adxudicataria é Ovisa Pavimentos y Obras SLU e o prazo de execución é de dous meses.

Esta vía, a LU-P-1706, é moi importante para a veciñanza de Castro de Rei e de Cospeito, pero tamén da comarca, porque se trata da comunicación máis directa entre ambos concellos, e ademais dá servizo a explotacións gandeiras. Estes traballos mellorarán as condicións de seguridade e comodidade para os usuarios e usuarias da vía e evitará un maior gasto de conservación grazas a este novo pavimento.

A Deputación de Lugo dedica este ano 18,3M€ á mellora das estradas provinciais, un orzamento que aumentou nun 30% dende o 2019, cando se destinaban 14,2M€. Na comarca da Chaira, o investimento nas estradas da provincia durante estes anos superou os 6,32M€.

Duancos acolle o día 28 deste mes a V edición da Ruta Cabalar

A parroquia de Duancos, en Castro de Rei, acollerá o 28 de outubro a cuarta edición da Ruta Cabalar, que dará comezo ás 10.30 horas coa saída desde o Val dos Soños. Haberá almorzo antes da saída e parada con pinchos á metade do percorrido para repoñer forzas.

Esta actividade terá a súa conclusión ás 14.00 horas tamén no Val dos Soños, onde se fará un xantar. Para participar nesta comida non é necesario facer a ruta pero si estar anotado.

Tamén haberá sorteos, agasallos e música con Verónica Cambón.

Así, os interesados en sumarse á ruta e ao xantar deberán poñerse en contacto coa organización antes do 24 de outubro nos teléfonos 626 119 930 (Cristian) ou 610 284 175 (Zelai).

A organización lembra que esta



ruta non é unha competición, é un paseo a cabalo polo que cada participante deberá responsabilizarse dos danos que poida ocasionar a súa montura.

O Concello remata a obra de rehabilitación da Fonte da Troita

O Concello de Castro de Rei está a concluír os traballos de intervención na Fonte da Troita, no Lugar de Couto de Á, Parroquia de Ramil, un elemento arquitectónico cun valor moi singular, moi vinculado ao patrimonio inmaterial do Castro de Viladonga, que se atopa a pouca distancia da fonte.

Os traballos realizados consistiron na limpeza, restauración e consolidación das estruturas, tanto da fonte como do lavadoiro, asentamento e recolocación de pedras así como consolidación de recheo de ocós. Igualmente procederase á colocación dun letreiro no que se indica o nome da fonte.

Durante os traballos de limpeza e restauración apareceron diversos elementos singulares, como vidros, cerámica, porcelana, etc, sendo o máis destacado un anel de muller con unha pedra, que resulta moi singular e moi vinculado á lenda que existe en relación coa fonte, na que



se relata que unha princesa moura atopábase peinando os seus cabelos preto da fonte, cando foi transformada en troita, polo que se quedou alí a vivir.

Por outra banda cómpre destacar que a fonte atópase situada nun emprazamento histórico, xa que está situada á beira da Vía Rexia do Norte, variante do Camiño Norte de Santiago que se desvía en San Tirso de Abres, para chegar ata a Cidade de Lugo e unirse ó Camiño Primitivo,

sendo un itinerario que está datado dende o ano 1249.

Dende o Concello queren destacar a importancia da recuperación dos elementos que forman parte do noso patrimonio histórico e que iniciamos xa hai anos coa recuperación da Fonte da Virxe, na Parroquia de Duancos e queremos continuar, e a que se sumarán o Peto de Ánimas de Balmonte, a Cruz de Quintela en Orizón, e varias fontes do noso Concello que temos previsto recuperar.

O PP critica a Tomé por querer aumentar as taxas do centro de recría

O PP provincial afirma que “non permitirá que os gandeiros paguen a nefasta xestión de Tomé no centro de recría, onde quere aumentar as taxas un 40%”.

Explican os populares que no ano 2015 botaba a andar un dos proxectos estrela do que fora presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, coa inauguración do mesmo, pero non foi ata 3 anos despois, no ano 2018, cando comezou a súa actividade.

Na súa apertura, o presidente naquel intre, Darío Campos, cifraba en tres millóns de euros os beneficios anuais que xerará o centro “pero a realidade é que dende a súa apertura sempre deu perdas”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, lembra que o centro de recría da granxa Gayoso Castro foi o primeiro centro público destas características en España e foi financiado na súa totalidade con cartos públicos. “Un investimento de máis de 13 millóns de euros aos que hai que engadir o 1.5M€ da construción da planta de biogás”, recordou. Agora, o presidente Tomé e os seus

socios do BNG propoñen unha suba brutal, de en torno ao 40% —dende a apertura do centro—, do custe por día que pretenden repercutir nos gandeiros que teñan neste centro as súas xovenças, pasando dos 2,39€ animal/día de 2018 aos 3,33€ xovença/día que aprobarán no pleno do martes. Con respecto ao prezo vixente na actualidade a suba é dos 2,55€ aos 3,33€ (incremento do 30,58%). Ante esta proposta do goberno provincial, os deputados do Grupo Provincial Popular realizaron xestións para coñecer as taxas que se aplican noutros centros privados de características semellantes, que deixaron como resultado que “hai centros privados de recría, dentro da provincia de Lugo, que aplican unha taxa de 2,80€ animal/día aos gandeiros, moi por debaixo do que quere aplicar o presidente Tomé”. O voceiro afirma que un dos argumentos que esgrime Tomé para subir as taxas do centro de recría é que aos gandeiros lles subiron o prezo do leite “pero non é así”.

EN BREVE

OS VALUROS. O colectivo cultural Valuros de Castro de Rei abre as inscricións para as súas clases de iniciación á música e ao baile tradicional. Serán todos os xoves e haberá clases de iniciación á música de ata nenos de 5 anos ás 16.30 horas, de iniciación á música para nenos de ata 7 anos ás 17.15 horas e de iniciación á música para os nenos de máis de oito anos ás 18.00 horas. Tamén haberá clases de iniciación ao baile para os nenos de a partir dos oito anos ás 18.00 horas. A primeira clase será totalmente gratis.

GOBERNO. A parroquia de Goberno conta con clases de pilates. Son todos os martes e xoves de 15.45 a 16.45 na Conexeira, no barrio da Anoca, e pódese ir un día ou os dous. Desde a organización lembran que, no caso de desexar máis información, pódese contactar con calquera das persoas da directiva a través das redes sociais ou ben a través do whatsapp.

EDUCANDO EN FAMILIA. Comezaron as reunións informativas sobre o programa Educado en Familia, que será impartido polas orientadoras do anterior Preescolar na Casa. Este programa educativo vai dirixido ás familias con nenos e nenas que teñan entre 0 e 3 anos de idade acudan ou non a outros centros educativos.



Abraham Cupeiro actuará o sábado 14

O sábado 14 de outubro, estará en Castroverde o trompetista e musicólogo Abraham Cupeiro, famoso polo seu talento como instrumentista de vento e, ademais, polo seu afán na recuperación de instrumentos perdidos no tempo. A actuación contará con dous pases, ás 19:00 horas, e unha vez se complete o aforo, o resto de persoas poderán asistir ao segundo pase, ás 20:30 horas. Terá lugar na Igrexia de Vilabade e a entrada será de balde.

Investirán preto de 21.600 euros na mellora do campo de fútbol

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo formalizou o convenio co Concello de Castroverde para financiar melloras no campo de fútbol municipal Veiga do Olmo. A través deste convenio interadministrativo, a área de Deportes achega ao concello 21.600 euros destinados á mellora do recinto deportivo, empregado pola SD Castroverde.

As actuacións previstas consisten na renovación do alumado, coa instalación de catro novos proxectores LED, o reforzo do peche perimetral, cunha estrutura de malla que complementa o muro existente, e actuacións de mantemento na zona de bar. Ademais, financiarase a compra de dous cortacéspedes para facilitar o mantemento da herba natural.

A deputada Iria Castro explicou que “o investimento atende as necesida-



des máis urxentes do recinto, fundamental para a actividade deportiva municipal xa que acolle os partidos dos equipos de fútbol da SD Castroverde” e destacou “o papel do club no fomento do deporte en Castroverde, que conta tamén cunha sección de fútbol sala con equipos de base e feminino”.

O investimento no recinto deportivo complementa o apoio que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo ofrece ao tecido deportivo de base e afeccionado, coa convocatoria de axudas de concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas. A SD Castroverde recibe 2.000 euros a través desta liña de subvencións.

EN BREVE

FURÍS. O sábado 7 de outubro, a parroquia de Furis, en Castroverde, celebrará as súas festas na honra á Virxe do Rosario. A xornada dará comezo ás 13.30 horas coa misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Trébol que, ademais, será a que amenice a verbena da noite xunto á orquestra New York. O campo de festa estará cuberto cunha carpa en caso de choiva.

ROUPEIRO. O alcalde de Castroverde, Xosé María Arias Fernández, lembra aos veciños e veciñas a existencia dun roupeiro municipal dirixido a axudar as familias que teñen problemas económicos. Agora mesmo, a roupa que hai nas instalacións municipais é propia para nenos e nenas de entre 3 e 16 anos e as persoas interesadas en recibir esta axuda poden dirixirse aos servizos sociais.

TARDES. O BNG presentou unha moción na que solicita que o programa de Tardes sexa gratuito, ao igual que o programa de mañás.



Adega denuncia as obras no Castro da Eirexe

Adega e Mariña Patrimonio presentaron unha denuncia formal perante a Consellería de Cultura pola intervención nunha parcela integrante dun ben patrimonial catalogado, sen contar posiblemente coa preceptiva autorización previa de Patrimonio. Esta intervención foi levada a cabo polo Concello que realizou labores de recheo, posiblemente de forma ilegal, na parcela 27011A15800411 do Castro da Eirexe.

O Castro da Eirexe é un ben patrimonial de gran relevancia que está incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. A delimitación deste xacemento, xunto coa súa contorna de protección e máis os niveis de protección, están recollidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Castroverde.

Sobre este castro atópanse a igrexa parroquial de San Miguel do Páramo maila casa reitoral, “que foi obxecto

dunha polémica e, ao noso entender, desafortunada consolidación realizada por un obradoiro de emprego. No transcurso dos traballos de consolidación, descubriuse unha importante necrópole medieval con máis de 20 tumbas altomedievais”. Explican que a parcela está situada dentro da delimitación que o PXOM establece como zona de protección integral de Grao II para este xacemento arqueolóxico.

Segundo indican, dende o mes de maio de 2023, documentaron numerosos amoreamentos de entullos e refugallo na parcela procedentes da demolición parcial da casa reitoral. A finais de agosto e comezos de setembro de 2023, estes materiais, xunto cunha importante cantidade de zehorras, foron utilizados para realizar o recheo da parcela co obxectivo de nivelar e unificar as dúas partes da horta do cura.

Remata a parcelaria de Santo Estevo de Pol coa entrega de títulos

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, entregou esta mañá os títulos de propiedade da concentración parcelaria de Santo Estevo de Pol, neste concello lugués. Este proceso de reestruturación da propiedade abrangueu unha superficie de 354,86 hectáreas, pertencentes a 89 veciños.

Neste acto, a directora destacou que, grazas a este traballo, pasouse de 511 predios a 151 parcelas finais. Desta forma, a superficie media das parcelas triplicouse, ao pasar de 6.944 a 23.500 metros cadrados. O investimento total neste proceso de reestruturación superou o medio millón de euros, contabilizando tanto os diferentes trámites técnicos e administrativos como as obras da rede camiños.

Así, sinalou Inés Santé, as parcelarias seguen a ser un dos mellores mecanismos para darlle máis valor ás terras, á vez que permiten aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de pro-

dución. Por iso, apuntou, as novas concentracións teñen unha concepción moderna da mellora das estruturas, orientadas a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións. Neste senso, sinalou que a Xunta seguirá entregando títulos noutras áreas de Galicia e decretaranse novas zonas onde a prioridade sexa, precisamente, a ampliación de base territorial para as explotacións agropecuarias.

De feito, desde o ano 2020, salientou a directora xeral, a Xunta rematou un total de 28 concentracións parcelarias -contando a de hoxe-, que abarcaron unha superficie total de 19.078 hectáreas, beneficiando máis de 13.300 propietarios que recibiron máis de 29.400 títulos de propiedade.

Nesta liña, Inés Santé reiterou a aposta da Xunta polas parcelarias, que definiu como unha “ferramenta fundamental para paliar o minifundismo” e recordou que dende o ano 2021 se decretaron 29 novas parcelarias en Galicia, que abarcan un total de 23.814 hectáreas e 111.567 parcelas de 16.309 titulares.

As Mulleres Rurais retoman os cursos e as actividades

A Asociación Mulleres Rurais de Pol retomou as actividades e os cursos neste outono.

Os cursos seguirán na mesma liña que o ano pasado. Os luns teñen lugar as clases de ioga de 16.00 a 17.00 horas, dirixidas por Donvina e o martes os de bolillos, a cargo de Milagros, de 16.00 a 18.00 horas. A primeira celébrase na caseta da Carballeira e a segunda na biblioteca. Ademais, o mércores contan con piscina e aguagym, de 21.30 a 22.15 horas, a cargo de Miguel na piscina da Pastoriza e os xoves de 22.00 a 23.00 horas no local da Carballeira hai pilates. Esta última con Rocío.

Os cursos xa empezaron pero aínda hai prazas, polo que para inscribirse hai que poñerse en contacto coa asociación nos teléfonos 633 378 590, 666 230 570 e 616 129 825.

BAILE. A Asociación de Mulleres Rurais Olvido de Pol organizará os primeiros venres de cada mes un baile co acordeonista Carlos como acompañamento.

Estes terán lugar na caseta da Carballeira, en Mosteiro, de 17.00 a 18.00 horas.

O prezo da entrada será de 3 euros por persoa e está aberto a toda a poboación que desexen pasar un rato ameno.

O BNG di que os orzamentos locais agochan unha débeda

Aprobáronse os orzamentos do concello de Outeiro para o ano 2023, “aprobación que se deu con 10 meses de retraso, pois segundo a lei teríanse que ter aprobado antes do 31 de decembro do ano pasado. Esta cuestión xa de por si é suficientemente grave, pois non hai absolutamente ningún motivo para que sito ocorra, máis aló da incompetencia política do alcalde e do seu equipo”, subliña o BNG de Outeiro de Rei.

Así mesmo, engaden que os orzamentos que presentou o alcalde e que aprobou o PP son unha vez máis “completamente enganosos, pois seguen a contemplar tanto nos ingresos como nos gastos unha partida de 1.500.000 euros para a urbanización da Palloza, partida que se vén incluíndo dende hai moitos anos e que aínda nunca se gastou nin un céntimo”.

Tampouco se contemplan nos orza-

mentos os máis de 300.000 euros en facturas “que non se pagaron no ano 2022 por falta de cartos e que terán que ser cubertas con fondos do ano 2023, partidas que tampouco están neste proxecto”.

Tampouco se fala en ningún momento da indemnización que haberá que pagarlle á empresa Asogal polas “cacicadas” do Concello na urbanización de Triaqua, “a cal xa ten sentenza firme tendo xa solicitada a súa execución. A cantidade solicitada pola empresa é de 1.200.000 € e antes ou despois terase que abordar a negociación para a súa redución dentro do posible, así como decidir como se vai pagar”.

“A débeda existente, un dos principais problemas que atezan ao concello neste momento, tampouco se aborda nestes orzamentos, débeda na súa maioría debida a problemas de liquidez e de xestión e non de investimento”, din.



Continúan a bo ritmo as obras de reafirmado da vía a Castro de Rei

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a executar obras de reforzo do firme na estrada autonómica LU-115, que conecta os concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei. O orzamento da actuación é de 301.500 euros.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou a marcha dos traballos á altura do polígono industrial da Matela, en Outeiro de Rei. Explicou que a Xunta actuará nos 11,1

quilómetros de lonxitude da vía, con especial incidencia nos accesos a este parque empresarial e ao de Castro de Ribeiras de Lea, así como na travesía desta última localidade.

A obra consiste na execución de fresados localizados nas zonas deterioradas e a posterior reposición do pavimento con mestura bituminosa en quente a carril completo. A intervención completárase co repintado da sinalización horizontal.



Convocan unha charla sobre nutrición para o 17

O martes 17 de outubro a casa da cultura de Outeiro de Rei acollerá a charla *É o mesmo alimentarse que nutrirse?* impartida polas dietistas-nutricionistas do Servizo Galego de Saúde Paula Roca Saavedra e Antía Pérez Vázquez.

Na charla tratarase sobre a diferenza entre alimentación e nutrición, ademais falarase sobre alimentación saudable, alimentos procesados, consellos para unha cesta saudable con interpretación do etiquetado, ferramentas e aplicacións dispoñibles para poder escoller mellores alimentos procesados.

A charla terá unha duración aproximada de 90 min nos que haberá un tempo para que as persoas que o desexen poidan preguntar e resolver dúbidas.



A Deputación renova o convenio coa Fundación Manuel María

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo renova a colaboración coa Fundación Manuel María, dedicada a manter o legado e a memoria do poeta chairego.

A deputada de Cultura Iria Castro e o presidente da entidade Alberto Ansedo asinaron o convenio de colaboración que dá un apoio económico estable á actividade que desenvolve durante o ano, centrada na Casa Museo Manuel María.

Este espazo, que acolle a biblioteca, manuscritos e obxectos persoais de Manuel María, serve, ademais, como lugar de referencia para dar a coñecer a súa figura e obra grazas a unha ampla axenda de actividades e intercambios culturais e a creación

de recursos especialmente para as xeracións máis novas.

Durante o encontro, Alberto Ansedo deu conta da recente edición de biografías ilustradas e guías de lectura adaptadas para público novo e da creacións de dous xogos de mesa baseados na poesía de Manuel María. Iria Castro valorou o esforzo da Fundación Manuel María por buscar fórmulas para manter entre as xeracións máis novas o vínculo intelectual, literario, pero tamén emocional que moitas e moitos de nos temos cun escritor que nos levou ás primeiras lecturas en galego”

A área de Cultura achega 50.000 euros para gastos de funcionamento e actividade da Fundación.

EN BREVE

CURSO. Convocarase un curso organizado polo ISSGA sobre a prevención de riscos laborais no manexo da motoserra e rozadoira. Será os días 9, 10 e 11 de outubro de 15.30 a 20.30 horas cunha duración de 15 horas presenciais. Este curso terá carácter gratuíto e, ao remate, o ISSGA expedirá un certificado de asistencia ao alumnado. As persoas que queiran inscribirse, deberán facelo antes do día 5 de outubro no Centro Sociocultural en horario de mañá ou no mail issga.formación@xunta.gal, achegando unha copia do DNI e o formulario que se recolle na web. Pódese consultar nos teléfonos 981 551 704, 659 515 371, 982 302 377 e 620 731 543 ou na web do ISSGA <http://issga.xunta.gal>.

LEGUA DEREITA. O colectivo cultural Legua Dereita do Corgo xa ten en marcha o curso 2023/2024. Así, este ano organiza clases de baile, gaita, tambor, pandeireta e acordeón, para todas as idades e todos os niveis. Terán lugar a partir de outubro e xa está aberto o prazo de inscrición, que pode facerse no teléfono 659 779 462, onde tamén darán información sobre estas formacións.

A Xunta autoriza a transferencia da estrada provincial de Gomeán

O Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Corgo dun treito da estrada provincial LU-P-1207, na parroquia de Santiago de Gomeán.

O Concello do Corgo solicitou a transferencia deste treito da vía provincial, que se corresponde cun resto da antiga estrada provincial que conduce ata o municipio de Castroverde e que sufriu unha modificación debido ao novo trazado do corredor provincial.

Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito, de 247 metros de lonxitude, que se inicia na glorieta existente na LU-P-1611, Cinturón Comarcal, no punto quilométrico 130+200, na marxe esquerda, e que entronca

cunha vía municipal.

A transferencia a prol do Concello do Corgo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello do Corgo terá a competencia para actuar neste treito da estrada LU-P-1207 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

outeiro de rei

O PSOE pregunta no Parlamento polo estado da traída

O PSOE presentou no Parlamento autonómico unha batería de preguntas sobre o proceder da Xunta acerca doutros abastecementos municipais, ademais do de Foz, con problemas de trihalometanos na auga. Neste sentido, o PSdeG afirma que nas últimas análíticas completas anuais realizadas polo Concello de Outeiro de Rei, do que é Tenente de Alcalde a Xefa Territorial da Consellería de Sanidade, os rexistros deste composto químico foron moi superiores aos permitidos nos anos 2021 e 2022. En concreto foron de 132 e 143, cando o parámetro permitido é de 100 microgramos por litro.

Preguntan os socialistas se ten constancia a Consellería de Sanidade doutros abastecementos municipais con estes problemas; nese caso, queren saber se a Xunta requiriu por escrito a eses concellos que informasen á poboación da recomendación de non inxesta da auga por eses valores altos como fixo con Foz, e concretamente, que se fixo no caso de Outeiro de Rei; tamén se a Consellería tomou entón algunha medida para garantir a saúde da veciñanza de Outeiro de Rei.

o corgo

O Corgo estivo presente no congreso de antropoloxía celebrado na Coruña

A través dunha nova iniciativa do Proxecto Corgoral, o Concello do Corgo estivo presente no XVI Congreso Internacional de Antropoloxía celebrado na cidade da Coruña. Esta reunión científica, na que participaron máis de setecentos especialistas oriúndos de diversas institucións europeas e latinoamericanas, foi organizada conxuntamente por Agranro (Asociación Galega de Antropoloxía) e Asae (Asociación de Antropoloxía del Estado Español).

O congreso artellouse nun total de 41 simposios temáticos, entre os que destacou, por ter sido o máis concorrido, o monográfico titulado Memorias desencadeadas: reciclaxes do pasado no presente e no futuro, coordinado por Francisco Ferrándiz Martín, do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas).

Neste simposio foi presentada con gran éxito e moito interese por parte do público asistente unha comunicación específica sobre as recollas da memoria oral relativas á parroquia corguesa de Adai.

guntín

Entregado a Jesús Otero o premio de investigación Condado de Pallares



A Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares fixo entrega do seu premio anual, que nesta edición recae no historiador lucense Jesús Otero pola súa publicación As minas de Guntín, arqueoloxía industrial na terra de Pallares. Nela realiza un traballo de investigación sobre a historia das minas, o seu impacto na paisaxe, así como a súa importancia social.

Trátase da edición número XV dun

premio cunha traxectoria consolidada cun destacado papel para impulsar a investigación cultural.

Nos últimos anos, grazas a este certame téñense apoiado importantes traballos da lingüística, da historia, da arte, da arqueoloxía, da antropoloxía, e da etnografía que están a contribuír a cultura galega. De feito, este galardón está considerado como un dos máis recoñecidos no seu ámbito.

Remata cun gran éxito de público a ruta por Guntín organizada polo GDR



Remata a segunda sesión do proxecto Descubrindo o Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa, nesta ocasión cun paseo por Guntín, que tivo un gran éxito.

O pasado sábado 29 de xullo comezaron os paseos polas comarcas de Lugo e Terras da Ulloa, un ambicioso proxecto de colaboración entre o GDR-4, Guido Guía e 10 concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Casterverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

O paseo por Guntín contou con

máis de 100 persoas que recorren a ruta de Guntín de dúas horas e media de duración e logo puideron desfrutar dunha degustación de produtos locais na carballeira de Meixaboi.

Este ciclo de actividades lúdicas e culturais pretende promover o descubrimento da historia, da natureza e das riquezas de todos os concellos, así como promover e promocionar os valores gastronómicos, sociais e de todo tipo. A seguinte será o 14 de outubro en Antas de Ulla aínda que se irán anunciando máis datas nos distintos municipios.

portomarín



O PSOE acusa ao alcalde de non arranxar o patio do colexio

A agrupación do PSdeG de Portomarín denuncia que o alcalde falta á súa palabra ao non arranxar o patio do colexio antes do inicio do curso. Os socialistas urxen ao Concello a que actúe ante esta situación que demostra “a pouca consideración e aprecio que os responsables políticos de Portomarín teñen polos nosos nenos e nenas”.

O voceiro dos socialistas na localidade, Marcos Arias, indica que a dirección do centro lle trasladou ao rexedor o deterioro das instalacións, e que el se comprometeu a telas acondicionadas antes de que os nenos e nenas volveran ás aulas. “Pero que nos atopamos? Pois que non se fixo nada, todo sigue no mesmo mal estado”, subliña.

“Non podemos deixar de estar moi decepcionados e anoxados polo comportamento do Concello de Portomarín que non fixo o mínimo esforzo en mellorar as instalacións do patio do colexio”, subliña. Ao tempo que lembra que dende o grupo socialista se rexistrou unha iniciativa ao

respecto no Concello o 19 de xullo, pero que “por desgracia, atopamos que non se fixeron as actuacións necesarias, é unha situación lamentable”. Avanza Arias que a única institución que está actuando no colexio é a Deputación de Lugo, que estes días está realizando un mural na entrada do colexio cara o patio. “Nin o Concello nin a Xunta están facendo nada, deberían implicarse no benestar dos nosos nenos e nenas, que son iguais que os doutros concellos”, afirman.

O patio precisa que se arranxen os columpios que están rotos, que se mellore o chan dos columpios, que se acondicione o areeiro porque está impracticable e agora mesmo é perigoso para os pequenos e pequenas, que se arranxe a pista de xogo, e que se realice o mantemento necesario dos muros e as vallas de peche. “É unha mágoa ver como os nosos nenos e nenas que volven con moita ilusión ao colexio logo de varias semanas de vacacións se atopan co seu espazo de xogo nestas condicións”, indica Arias.

Aberta a inscrición das clases de música e baile tradicional do colectivo Río Miño



A Asociación Cultural Río Miño abre a inscrición para as súas clases de gaita, percusión, pandeireta e baile tradicional desde curso 2023-2024. Serán todos os sábados, a partir do 14 de outubro, de 11.30 a 13.30 horas, na casa da cultura, e poden asistir todas as persoas que queiran, desde os rapaces de máis de catro anos.

Para inscribirse, pódese facer a través do mail acriomihoportomarin@gmail.com, no teléfono 722 109 015 ou nas súas redes sociais.

Camiño Escena Norte leva o circo a Portomarín este mes

Camiño Escena Norte (CEN) celebra a súa quinta edición incrementando o intercambio de compañías, profesionais e públicos en Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra. O lema *Vieiros que conflúen* describe unha programación oficial que se celebrará ata o 22 de outubro, con 15 compañías de teatro, danza e artes do movemento e novo circo, amosando os seus espectáculos en preto de 60 sedes que forman parte do Itinerario Constelacións.

En Galicia, as funcións chegarán a un total de 11 localidades, catro máis que no 2022. Así, visitará Ames, Arzúa, Carballo, Lugo, Melide, Mondoñedo, Portomarín, Ribadeo, Santiago de Compostela, Vimianzo e Viveiro. En Portomarín será o 15 de outubro co espectáculo *Malabaracirco*, de Circus Magnificus (Cantabria) para público infantil e familiar.

A unificación de dúas aulas provoca un conflito no colexio

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Otero Pedrayo convocou varias mobilizacións contra a decisión da Consellería de Educación de unificar as aulas de 4º e 5º curso cara o próximo ano lectivo.

O colectivo considera esta decisión "totalmente prexudicial para os pequenos" xa que se trata da unión de dous cursos de distinto ciclo onde, ademais, hai rapaces con necesidades especiais que lles resultaría máis custoso o cambio.

A alcaldesa de Rábade, Reme González, e o tenente de alcaldesa, Luis Novo, mantiveron unha xuntanza de traballo coa xefa territorial de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Sagrario Sánchez, para tratar con ela a decisión da Xunta de unificar as aulas de 4º e 5º de primaria do CEIP Otero Pedrayo.

A xefa territorial explicoulle ao equi-



po de Goberno do Concello de Rábade que se trata dunha situación puntual e que hai alumnado suficiente nos outros cursos como para que se poida desdobrar nun futuro máis ou menos próximo, ademais, lles explicou que existen moitos outros centros nos que pasa o mesmo e que, no caso de Rábade, hai profesorado suficiente para separar os cursos nas materias fundamentais.

Sagrario Sánchez comprometeuse coa rexedora a que, no caso de producirse incremento de matrícula nese grupo, se estudará de novo a situación.

Tras unha reunión coa Inspección en Santiago, na que non produciu unha volta atrás os pais decidiron volver ao colexio aínda que sen deixar a loita con manifestacións todos os xoves no centro.

O Concello abre o prazo para pedir as axudas para escolares

O Concello de Rábade volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación ata o 11 de outubro.

O Concello ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2023-24, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran as axudas autonómicas.

Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes estudos nalgún dos dous centros de Rábade e non superar os 6.000 euros de renda per cápita (7.500 no caso de familias monoparentais).

O Concello aclara que non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado.

A documentación pertinente (libro de familia, declaración da renda, xustificantes económicos, e de pago de vivenda) teñen que presentarse xunto á solicitude nas oficinas municipais.

Dan inicio ás obras de recuperación de espazos públicos



O Concello realizou as obras de recuperación dun espazo da Praza de España que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado.

Segundo indica a alcaldesa, Remedios González, "a partir de agora será un espazo accesible, que deixará atrás unhas instalacións obsoletas e mal coidadas que nos obrigaron a facer unha actuación de emerxencia en canto obtivemos os permisos pertinentes".

Así, o Goberno local eliminou o vertedoiro no que se tiña convertido a antiga fonte, repuxo as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farois de fundición, ao tempo que recuperará a zona como espazo público para uso e disfrute

dos veciños e veciñas.

COHOUSING. O Goberno local presentou unha moción ao Pleno para amosar o apoio da Corporación a iniciativas de creación de vivendas colaborativas (cohousing) en ámbitos rurais e, nomeadamente, ao proxecto de cohousing Lar do Regueiro. A proposta foi aprobada por unanimidade.

Desde o Goberno local consideran que este tipo de iniciativas constitúen unha oportunidade que non se pode desaproveitar por parte de pequenos concellos do interior, no marco dunha estratexia pública orientada ao reto demográfico, no que a cohesión territorial e a habitabilidade humana deben ser entendidas como unha prioridade.

Comezan as obras na última fase da vía entre Friol e Palas



A Xunta comezou a última parte dos traballos de aglomerado da primeira fase de mellora da estrada autonómica LU-231, entre Friol e Palas de Rei.

En concreto, trátase dos traballos de disposición final da capa de rodaxe e posterior pintado da sinalización horizontal definitiva das obras de acondicionamento que se están a executar nos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, no treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A execución destes traballos prolongaranse ata mediados de outubro, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan favorables.

O tráfico seguirá transitando pola estrada, minimizándose a incidencia na circulación dos vehículos

no treito no que se actúe en cada momento, mediante a canalización do tráfico polo carril libre, con regulación para o paso alternativo en cada sentido de circulación.

A Xunta segue avanzando para ultimar estas obras dos primeiros 9,4 km da LU-231: 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei. O obxectivo é telas rematadas a finais do mes de outubro.

Mediante esta actuación, transfórmanse a sección da estrada, que tiña un ancho aproximado de 5 metros, con carrís estreitos e sen beiravías. Con esta intervención este tramo da LU-231 amplíase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

O colexio de Friol aumenta o seu alumnado un 11% este curso

O centro educativo de Friol deu comezo a un novo curso escolar nas tres etapas educativas que oferta dita institución, é dicir, educación infantil, educación primaria e secundaria. O número total de alumnos e alumnas que cursan estudos no centro friolense neste novo curso que acaba de dar comezo ascende a 231, o que supón un 11% máis de alumnado con respecto ao curso anterior. Así, seguindo este principio, o equipo docente optou por ofertar dous novos proxectos interdisciplinares que se engloban dentro do Plan Proxecta e dos Contratos Programa ofertados pola Consellería de Educación (Mestres Gandeiros e Emociona-T), que se suman aos dous xa existentes neste centro e que están relacionados co fomento do deporte e na dispoñibilidade do centro como dinamizador da práctica deportiva non só no centro, senón na contorna no que se insire. Tamén é destacable

a continuidade no plan PLAMBE, que incide no fomento da lectura por parte de alumnado.

Así mesmo, este centro seguirá coa aposta da formación de toda a comunidade educativa a través da consolidada Escola de Pais e Nais que leva dous anos en funcionamento e co Club de Lectura de adultos, que ademais de ofertarse a membros da comunidade, está aberta a toda a poboación do Concello.

O centro realiza numerosas actividades ao longo do curso escolar en colaboración con entidades oficiais como o Concello de Friol ou o GDR, (Grupo de Desenvolvemento Rural da comarca de Lugo) e, ademais tamén ten un papel activo na vida social da localidade a través da colaboración coas entidades sociais, deportivas e culturais do municipio. Ademais, o CPI Dr. López Suárez oferta unha ampla oferta deportiva xestionada polo propio centro.

Friol inaugura o polo de emprendemento da comarca

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, inaugurou en Friol o Polo de emprendemento e apoio ao emprego Lugo Comarca, que está a botar a andar para aproveitar o potencial emprendedor desta zona interior de Lugo. Nun acto, no que a representante autonómica destacou o potencial que ofrece Lugo para xerar riqueza e emprego, anunciou que a Xunta de Galicia instalará o quinto polo desta provincia en Sarria nos próximos meses.

“Cremos no potencial emprendedor do interior de Lugo, que conta con enorme riqueza gastronómica, pero tamén cultural, turística e paisaxística”, indicou Rivo, que subliñou como puntos fortes deste territorio que estea atravesado polos camiños de Santiago, forme parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño e conte con rico patrimonio cultural e gastronómico, entre outros potenciais.

Para a conselleira “diso tratan os polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego: de xerar actividade



vencellada co territorio a través do emprendemento e da creación de emprego de calidade” e Lugo conta “con moitos valores que aproveitar e potenciar”, afirmou.

O polo Lugo Comarca ten como sede o Centro Sociocultural de Friol. O seu traballo súmase ao desenvolvido polos outros tres polos de emprendemento en activo na provincia: A Mariña, en Mondoñedo; Montaña luguesa, na Fonsagrada; e Lugo Sur, en Monforte de Lemos.

Desde que iniciaron a súa actividade hai un ano, os polos de Lugo

deron asesoramento e axuda para levar a cabo proxectos de emprendemento de 123 persoas, coas que se realizaron máis de 300 sesións de traballo.

Entre as actividades máis representadas nos proxectos de emprendemento, atópanse a hostalería (26% do total), o comercio (10%), servizos (10%) e as actividades recreativas, de entretemento e artísticas (9%).

As persoas emprendedoras que recibiron apoio nos polos da provincia teñen no 54% dos casos entre os 35 e os 52 anos, e o 61% son mulleres.

Gandería da Morena levouse cinco galardóns na Feira do Gando



Gran éxito de público e de gando nesta nova edición da Feira do Gando Vacún de Carne de Friol. A Gandería da Morena fíxose co premio ao mellor lote, acaparando o primeiro premio tanto en femias como en machos menores de 8 meses. Tamén se levou o segundo en vacas e o terceiro en touros.

Tamén obtivo catro galardóns a gandería de Óscar Santos Buján, co primeiro e o terceiro en vacas e en

femias de 8 a 24 meses, ademais do segundo en machos menores de 8 meses.

Outra das ganderías máis galardoada foi Penín Punte, que recibiu o primeiro premio en machos de 8 meses a 24, o mesmo que en touros e o segundo tanto en novillas.

O terceiro posto en machos, dos dous grupo de idade foi para María Luz Penín Rouco e Gandería Santa-lla levouse outros dous en machos e un en femias.

Ciencia á Feira estará na localidade

O proxecto Ciencia á Feira, impulsado polo grupo de innovación docente do Campus de Lugo da USC e que vén de ser seleccionado para o seu financiamento pola FECYT na última convocatoria de axudas ao fomento da cultura científica, aproveitará os mercados tradicionais e os centros educativos de oito municipios da provincia de Lugo (Burela, Muras, Mondoñedo, Friol, Navia de Suarna, O Incio, A Proba do Brollón e Sober) para abordar con adultos e escolares contidos ligados coa prevención das doenzas transmitidas por carrachas, a xestión sustentable da auga e os microenxertos e micorrizas, a través da celebración de obradoiros e charlas divulgativas.

Ciencia á Feira é un proxecto interxeracional e comunitario de divulgación informal da ciencia que tira proveito de estruturas fortemente asentadas no medio rural: a escola, os concellos, as asociacións e os colectivos veciñais e, por suposto, as feiras, que funcionan como espazos seculares para a actividade económica, pero que tamén desempeñan un papel crucial de socialización, encontro e intercambio de información.

O programa de Ciencia á Feira presentará tres accións sobre tres eixes temáticos.

A Xunta pon en valor as permutas de terras

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, participou nunha mesa institucional do proxecto da ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas de Friol, no que se impulsaron unhas 400 hectáreas.

Segundo explicou Santé, trátase dunha ferramenta eficaz para a mobilización de terras. Así, indicou que o que caracteriza ás permutas de interese agrario é que son acordos entre propietarios de predios rústicos, para o intercambio das mesmas de carácter consensuado, bilateral e recíproco. Ademais, ao levarse a cabo en zonas nas cales non existen problemas nin de identificación da titularidade do parcelario, nin necesidade de máis infraestruturas varias, mellorarase de forma exponencial a produtividade das explotacións desas áreas. Estas permutas serán declaradas de especial interese agrario, o que implicará diferentes vantaxes, entre elas unha liña de axudas para financiar os gastos notariais e de inscrición no rexistro da propiedade destas permutas, asesoramento e mediación por parte da Axencia, traballos de limpeza ou a elimina-

ción da necesidade de licenza de segregación.

O obxectivo principal desta actuación é poñer en práctica en tres zonas piloto con características diferentes o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas que permita avaliar a súa aptitude para aplicar o mesmo en zonas de características semellantes, nas que non haxa necesidade de máis infraestrutura viaria favorecendo tamén o nacemento de novas iniciativas. Con todo, os encargados de levar a cabo estas iniciativas serán os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) das comarcas de Lugo, Ordes e Pontevedra Norte. Este proxecto de cooperación cos GDR conta cunha axuda de 117.000 euros.

Para levalo a cabo, crearase unha aplicación ou plataforma tecnolóxica que lle permitirá aos usuarios facer propostas de modificación territorial a través de permutas dunha área agraria determinada, así como implementar unha área virtual de estudo nos outros grupos como base de análise para tratar de implantar un piloto real nun territorio concreto.

Convocan clases de zumba

O Concello de Friol iniciou o mes de setembro clases de zumba cunha duración de dúas horas á semana e cun prezo de 18 euros ao mes.

As clases teñen lugar todos os martes de 22.00 a 23.00 horas e todos os mércores de 19.30 a 20.30 horas no pavillón municipal de Friol.

Todas as persoas que desexen inscribirse nas clases pódono facer chamando ao teléfono de Nerea (662 921 050) antes do 22 de setembro.



PSOE. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, recibiu no Pazo de San Marcos á voceira municipal socialista de Friol, Ana Pardo, para abordar as necesidades do municipio. O encontro, asegurou José Tomé, serviu para establecer prioridades de cara á elaboración dun plan de actuacións coas que seguir dotando de máis e mellores servizos á veciñanza desta localidade.

DEPUTACIÓN

Pedirá fondos europeos para un plan turístico para augas de interior

A Xunta de Goberno aprobou adherir á Deputación de Lugo a unha agrupación de entidades de diversos puntos do país para solicitar conxuntamente 1M€ de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado polo goberno de España para impulsar novas experiencias turísticas arredor das augas de interior. Así o anunciou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen subliñou que con esta decisión “buscamos fortalecer a estratexia que vimos levando a cabo para potenciar o sector turístico como un dos motores económicos da nosa provincia, cunha importante capacidade para dinamizar especialmente o rural, a través dun modelo sostible, de calidade, de experiencias, que coida o patrimonio e que deixa un alto valor no territorio, en termos económicos e de emprego”.

A agrupación a través da que a Deputación de Lugo solicitará estes fondos europeos, enmarcados no

programa Experiencias Turismo de España, está impulsada pola Deputación de Cáceres e conta coa institución provincial de Badaxoz; a Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurra de Navarra; a Mancomunidade Valle Norte de Lozoya de Madrid; a Asociación para o Desenvolvemento Integral da Serra Oeste de Madrid; e a Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Embalses.

O proxecto inclúe diferentes actuacións, como a creación dunha Rede Española de Ecoexperiencia en Destinos de Auga de Interior; a elaboración de manuais, plans de comunicación e marketing, e de guías turísticas sobre estes destinos; a celebración de encontros e intercambios para analizar a situación e os potenciais destes recursos turísticos; e a creación dunha páxina web e unha aplicación para promocionar os destinos a través das novas tecnoloxías.



Tomé, reelixido presidente do Consorcio de Bombeiros de Lugo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido por unanimidade presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nunha sesión extraordinaria do Pleno da entidade, celebrada na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos.

Neste pleno tamén tomaron posesión a deputada Pilar García Porto e o vicepresidente, Efrén Castro Caloto, en representación da institución provincial. Ademais, formarán parte do Consorcio aqueles concellos da provincia que contan con parques de bombeiros. Asistiron polo Concello

de Barreiros o tenente de alcaldesa, Antonio Veiga; o primeiro tenente de alcaldesa de Viveiro, Jesús Fernández; a rexedora de Vilalba, Elba Veleiro; e o rexedor de Chantada, Manuel Varela.

Pola súa parte, continúan os representantes da Xunta, como vicepresidente do Consorcio o Director Xeral de Emerxencia e Interior, Santiago Villanueva, e como membros o Delegado Territorial da Xunta, Javier Arias, e o subdirector de Seguridade e Coordinación, Andrés Iglesias. Tamén se acordou a modificación do Orzamento de 1.058.852€ para a adquisición dun vehículo de altura.

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a xubilación de médicos

A Deputación de Lugo esixirá á Xunta de Galicia que garanta a atención sanitaria dos veciños e as veciñas da provincia ante a xubilación inminente de máis de 20 médicos que prestan servizo nos centros de saúde dos concellos de Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla, A Pontenova e Begonte. Así se acordou no Pleno provincial tras unha proposta do grupo socialista, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e cos votos en contra do PP. Unha sesión á que asistiron Alcaldes, concelleiros e concelleiras das localidades afectadas.

A voceira socialista, Pilar García Porto, sinalou durante a súa intervención que segundo os datos da propia Consellería, o 24,5% dos médicos colexiados teñen 65 anos ou máis, e outro 26% sitúase na franxa dos 55-64 anos. “Como lle pasa aos malos alumnos, o inicio do curso pilla á Xunta con materias suspensas, deberes pendentes e sen metodoloxía de traballo para o novo curso político. A situación da sanidade pública na provincia é, por desgracia, un exemplo de como a mala xestión do Sergas a pagan os lucenses e as lucenses co deterioro dos servizos públicos”, lamentou.

A Corporación provincial demandará tamén á Xunta que se restitúan os cadros de persoal previstos para cada centro de saúde, recuperando as prazas que foron desaparecendo por mor das políticas de recortes do Partido Popular; que estableza



modelos de carreira profesional que aseguren a carga de traballo axeitada aos profesionais, eliminando os cupos excesivos de doentes, a non cobertura de baixas ou vacacións, e a temporalidade.

CANON EÓLICO. A institución provincial reclamará tamén á Administración autonómica que modifique o modelo de tributación do canon eólico, pasando a fixalo por potencia en lugar de por muiño; que defina a participación dos concellos costeiros nos beneficios da eólica mariña; e que estableza que a recadación íntegra do actual canon eólico e do futuro canon da eólica mariña se destine a melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques. Así o aprobou o Pleno, tras outra proposta do grupo socialista que saíu adiante cos votos favorables do PSdeG e do BNG, e do voto en contra do PP.

“Os concellos acollen o impacto das obras e neles aséntanse as infraestruturas que fan posible o aproveitamento das enerxías limpas”, explicou García Porto, ao tempo que denun-

ciou que precisamente as entidades locais “seguen a ser as grandes esquecidas no desenvolvemento do sector”, recibindo “un mal pago da Xunta”.

A Voceira socialista recalcou que segundo os datos do Consello Económico e Social, o Goberno galego recada de media uns 22M€ anuais polo concepto do canon eólico; e que no ano 2021 puxo a disposición dos concellos 6M€, apenas un 27% do recadado; “no caso dos concellos da provincia, a cantidade percibida apenas é de 2,6M€, un 11% da recadación total da Xunta”.

PLAN DE RECUPERACIÓN. Na sesión plenaria acordouse por unanimidade a adhesión da Deputación ao servizo de asistencia técnica e dinamización para a participación e xestión dos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia por parte de Tragsatec –a empresa pública de Tecnoloxías e Servizos Agrarios que forma parte do grupo Tragsa-, un asesoramento do que poderán beneficiarse os concellos da provincia.

Unhas 1.230 persoas participarán no Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo botou a andar a segunda quenda de viaxes da terceira edición do programa Coñece a túa provincia. Faranse excursións gratuítas dun día os martes, mércores e venres, nas que participarán máis 1.230 persoas de 55 entidades da provincia ata o 7 de novembro.

O Coñece a túa provincia vai xa pola súa terceira edición, dividida en dúas quendas. A primeira desenvolveuse durante a primavera, entre os meses de marzo e xuño, e contou con 1.800 viaxeiros de 90 asociacións. Agora arranca a segunda,


que se prolonga ata principios de novembro, e están anotadas máis de 1.230 persoas de 55 entidades. A Deputación continúa con este programa gratuíto ante o enorme éxito que obtivo, pois ata o momento xa disfrutaron destas viaxes un total de 6.800 persoas de 310 colectivos da provincia de Lugo. A iniciativa está dirixida a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas

polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico. O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

COLABORACIÓN

As fake news invanden as nosas aulas

O PUPITRE



Julio Díaz

As fake news ou noticias falsas non son un invento da era dixital, desde tempos inmemoriais utilizouse con distintos fins a manipulación da información. O fenómeno da desinformación non é novo, pero as novas tecnoloxías da información, que inclúen as redes sociais e internet, potencian e acrecentan a súa forza. Se ben estas plataformas aportan grandes vantaxes e beneficios, tamén permiten una maior cantidade de información falsa e que a mesma se difunda e expanda a unha velocidade nunca antes vista.

Fronte a un problema de tal dimensión, que é o que pode facer a educación?, que podemos facer os docentes?, como podemos ensinar aos nosos alumnos a ser críticos coas noticias que lles chegan e coa grande cantidade de contidos que consumen no día a día?

Organismos oficiais como a OCDE ou a Unesco téñeno moi claro: A epidemia de desinformación é innegable e non poderá resolverse sen a axuda das institucións e da comunidade educativa. "As institucións educativas, os medios de comunicación e as autoridades deben investir en medios independentes e na alfabetización mediática e informacional para acrecentar o coñecemento e a comprensión dos medios e da información, a tecnoloxía dixital e a análise dos datos",

explica acertadamente a Comisión Europea.

Ensinar dentro das nosas aulas a analizar a información que consumen, independentemente da súa idade ou do curso no que se atopen, insírese nun plano moito máis amplo, que debe ir ligado directamente ao ensino dun pensamento crítico dos nosos alumnos.

Como sosteñen os informes da OCDE, os nosos estudantes aínda non son capaces de identificar as "Fake News" dentro das nosas aulas e a maioría das veces o que fan é simplemente replicar a información que chega, pero sendo incapaces de entendela e de argumentala.

Este pensamento crítico que deben manter os nosos alumnos forma parte das competencias do século

XXI publicadas pola Unesco en busca dos intereses dos nosos rapaces, outorgándolles máis autonomía e invitándoos a traballar mediante resolución de problemas. Deben ser capaces de formular preguntas sobre un contido e buscar respostas; decidir unha acción a seguir e interactuar, emitir xuízos de valor, empregar estratexias retóricas apropiadas nunha discusión ou presentación.

O docente debe axudar a reflexionar, a investigar, a xerar unha opinión e aprender a argumentala para así poder fomentar un pensamento crítico nos seus alumnos facendo que sexan capaces de formular preguntas sobre determinados contidos e buscar as respostas axeitadas, xulgar a credibilidade dunha fonte; emitir xuízos de valor;

identificar supostos; decidir unha acción a seguir e interactuar cos demais empregando as estratexias retóricas apropiadas en calquera debate ou discusión.

De todas maneiras teño a impresión de que cada vez que aparece un problema social axiña identificamos que a solución está na escola, e penso que sen dúbida esta debe xogar un papel esencial na formación de alumnos críticos que saiban buscar e acceder ás fontes de información, que sexan capaces de cuestionar e contrastar as mesmas, de analizar as diferentes visións dunha noticia, pero para que estas medidas teñan verdadeiro éxito, deberían encadrarse dentro dun proceso moito máis global de verdadeira formación de cidadáns críticos.

O Galego toma posición

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Vaia a que se armou estes días pasados coa decisión de utilizar o galego, catalán e euskera no congreso dos deputados en Madrid. Ando que non xerou ruído mediático arredor desta iniciativa. Que supón un ridículo maiúsculo cando todos poden entenderse perfectamente en español poñerse a falar no idioma co oficial e ter que utilizar auriculares. Que o gasto para o erario público é considerable, xa que houbo que adquirir os equipamentos e pagarlle a uns tradutores profesionais para que leven a cabo ese traballo. Que son cesións a uns para asegurarse os votos na investidura. En fin, que o tema deu xogo e seguiríao a dar. En primeiro lugar, que no conxunto do reino de España existe unha lin-

gua común, falada en todo o territorio, que tódolos cidadáns a coñecen e que ten o estatus de oficial, é obvio e indiscutible. Non perderá esa condición porque na sé da que se chama soberanía popular se escoite de cando en vez a algunha das súas señorías outra lingua que tamén é falada, usada e coñecida en certas partes dese territorio. Sobre a partida orzamentaria que cómpre destinar a elo, sen un pretender ser frívolo cos cartos de todos e recoñecendo a aposta pola austeridade en calquera administración pública, permítaseme que relativice o investimento que suporá desenvolver este sistema de tradución no parlamento español. E sen entrar en demagoxias, pero é que non botamos contas do que que costaron aeroportos que apenas viron un avión nas súas pistas... Non nos paramos a pensar o que pode supoñer calquera viaxe oficial dun dos nosos mandatarios top á outra parte do mundo para asistir a unha toma de posesión dun presidente ou

a un funeral de estado ... Cantos recursos, humanos, técnicos, materiais se mobilizan en situacións como as citadas. De verdade, témonos que martirizar porque no congreso, onde os nosos representantes podían tomar gin-tonics a tres euros, algúns deles utilicen a lingua propia da súa respectiva comunidade autónoma... Creo que está de sobra respostada cada unha das cuestións. Por último, as cesións a uns e outros deberíamolas contextualizar nun sistema parlamentario onde non existen maiorías absolutas e desde o minuto cero tense que negociar todo e chegar a acordos. A democracia, queridos amigos, é o que ten.

Estase a considerar excepcional unha medida que debería verse con total naturalidade e normalidade. No noso caso, non é preciso relatar a condición do galego como lingua discriminada, aldraxada e estigmatizada. Algunha xente, xa de anos, lembraba os contrastes que tivo que sufrir por querer expresarse na

O RECUNCHO DE CANELINA



súa propia lingua no seu propio País. Por todo elo, orgullo e satisfacción de que por fin, aínda que sexa de maneira puntual ou anecdótica, o galego sexa falado, escoitado e traducido nas sesións plenarias do congreso

dos deputados. Algúns non o ven, pero tampouco nos pode sorprender, xa que a súa idea que teñen da sociedade é moi reducida, e non estamos a falar única e exclusivamente do idioma.

DEPORTES



Hugo Iglesias gañou o Volante da Deputación

O lucense Hugo Iglesias foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se disputou en setembro no circuíto da Pastoriza e no que se puxo en xogo unha praza para competir na vindeiro Rally San Froilán.

O lucense, que recibiu o premio da man do deputado Daniel García, foi o máis rápido na proba final (1.56.803), por diante de José Rodríguez (1.59.816), Adrián Fernández (2.02.273), que completaron o podio tras dúas xornadas de intensa actividade no circuíto pastoricense. Bruno Martínez foi o cuarto finalista.

As persoas participantes na proba, organizada por PTC Escuela co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, recibiron formación en condución deportiva e tiveron a oportunidade de iniciarse na competición automobilística coas probas cronometradas que se realizaron durante a fin de semana.

O gañador poderá seguir perfeccionando a súa destreza ao volante nos próximos días, nos que recibirá formación específica para competir de forma gratuita no Rally San Froilán, aos mandos dun Toyota Yaris.



O Club Fluvial gaña a Copa Deputación de Piragüismo

O Club Fluvial proclamouse campión da XIII Liga Provincial – Copa Deputación de Piragüismo patrocinada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O club lucense sumou os últimos puntos na sexta e última regata da competición que se celebrou nas Saamasas, en Lugo.

Cidade de Lugo -segundo- e o Altruán de Ribadeo -terceiro- completan o podio da liga provincial; o mesmo que o desta última regata, organizada polo Cidade de Lugo. A deputada Iria Castro entregou os trofeos na Escola Provincial de Piragüismo, onde parabenizou a todas e todos os participantes.

A liga provincial de piragüismo conta coa participación dos seis augas tran-

quilas da provincia: CD San Ciprián, CP Altruán de Ribadeo, Club Kayak Foz, CP Viveiro Urban Hotel, Cidade de Lugo e Club Fluvial de Lugo. Cada entidade organiza unha das regatas, nas que participan unha media de 225 piragüistas das diferentes categorías desde prebenxamín ata xuvenil dos seis clubs.

A competición organizase no marco da colaboración que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo mantén coa Federación Galega de Piragüismo para a promoción deste deporte, ofrecendo aos clubs a posibilidade de participar en competicións federadas nas súas comarcas e contribuíndo así á consolidación de equipos de base.

O lucense Jorge Prado coroouse campión do mundo de MXGP

O lucense Jorge Prado proclamouse a penúltima fin de semana do curso campión do MXGP, a máxima categoría do motocrós, e xa na primeira manga dese domingo. Liderou a clasificación desde o primeiro Gran Premio da tempada, en Arxentina, e para o equipo Gas Gas non había un mellor escenario para certificar o título que en casa, en Maggiora Park.

O piloto galego partía con 68 puntos de vantaxe sobre o seu maior rival, Romain Febvre. Valíalle con ser segundo nas dúas mangas do domingo, a pesar de que o francés se fixese coa vitoria. Cumpriu o seu traballo con fartura e foi primeiro na sesión da mañá. Iso, unido á mala fortuna do francés, permitiu que o triunfo chegase na primeira oportunidade.

Sulo escapábase cada vez máis lonxe. Podía cometer un erro en calquera momento e así foi. Na volta 6, perdeu o control da súa



moto e foise ao chan. Parecía que podería continuar, con todo, pouco despois a súa moto parábase e non conseguía arrincala.

O Mundial púxose de fronte para que o piloto español se proclamase campión do mundo de MXGP, o primeiro do país.

Arrancou o programa da Deputación 'Unha tripla pola igualdade'

Arrancou o programa da Deputación Unha tripla pola igualdade, unha nova iniciativa impulsada para "visibilizar, apoiar e fomentar o deporte feminino a través dun completo programa de actividades que arrancarán este mesmo sábado e continuarán ata finais de ano", e aproveitar esa proxección para "seguir avanzando en igualdade".

A programación de Unha tripla pola igualdade combina unha parte competitiva, cun encontro de pretempada do Ensino e o Celta de Vigo e un torneo feminino en categorías de formación; visitas a centros escolares das comarcas lucenses.

O programa arrancou en setembro co último partido de pretempada do Ensino Lugo. As lucenses enfrontáronse nun amigable ao Celta de Vigo no pavillón Jonathan Carro de Guitiriz antes 300 persoas con entrada de balde.

No mesmo pavillón da localidade guitiricense, celebrou a continuación un torneo feminino en categorías de formación, para nenas de

infantil e cadete con catro equipos por categoría de diferentes puntos da xeografía galega.

Outra das patas importantes da iniciativa, tal e como explicou o presidente, serán as visitas escolares. Están previstos diferentes encontros entre o corpo técnico e xogadoras profesionais do Ensino, que percorrerán as diferentes comarcas da provincia para intercambiar xogos e impresións co alumnado para explicarlles as dificultades que tiveron para chegar a elite do deporte. Tomé Roca avanzou que as citas serán en diferentes centros dos concellos de Burela, A Fonsagrada, Samos, Antas de Ulla, Castroverde e Monforte de Lemos, e participarán máis de 600 nenas e nenas.

Unha tripla pola igualdade contará ademais cunha mesa redonda que se celebrará a finais de ano, nunha data aínda por definir, no Pazo de San Marcos. Diferentes referentes femininas no deporte de elite galego e nacional intercambiarán as súas experiencias persoais para chegar á elite do deporte.

EN BREVE

CORGO. O CD Corgo abre as inscricións para os novos xogadores da tempada 2023-2024 para todas as categorías, desde biberóns ata xuvenil. Os rapaces que queiran formar parte do equipo teñen que pagar un prezo que variará en función da categoría na que esté inscrito. Aínda que o primeiro mes ao ser de proba é de balde. Os prezos van desde os 130 euros da categoría biberón ata os 270 da xuvenil. O club ofrece equipacións gratuítas e renovadas cada dous anos, ademais de instalacións propias con vestiarios con calefacción, campo con herba artificial e outro natural, gradas cubertas, cafetería e pavillón polideportivo anexo.

SD POL. O pasado mes de agosto, o SD Pol tiña como obxectivo a posta en marcha dunha escola deportiva tras a creación do equipo xuvenil, e para iso, iniciáronse adestramentos de nenos nados entre os anos 2017 e 2012 e así poder crear equipos de categorías de base. O club xa conta cun equipo alevín e outro benxamín, os cales comezaron os adestramentos en horario de 18.00 a 19.30 horas. O primeiro será para nenas que naceran entre 2012 e 2013 e o outro para os de 2014 e 2015. Os rapaces dispoñen de adestradores titulados e campo artificial para xogo e adestramento.

“A Sarriana saíu gañando ao fichar xogadores do CD Lugo”

Jorge Loureiro, sarriano afeccionado do CD Lugo

Falamos con Jorge Loureiro Vázquez, sarriano de 20 anos que acompaña ao CD Lugo en todos os seus partidos.

De onde vén a súa paixón polo fútbol?

Polo meu pai, que sempre me levaba a ver o fútbol e desde pequeno quixen xogar e entretíñame moito velo.

Xogaches algunha vez ao fútbol ou a outro deporte?

Si, xoguei a fútbol, a fútbol sala, a baloncesto, taekwondo e tamén practiquei atletismo.

Acompañas a todos os partidos ao CD Lugo desde cando e por que?

Si, sempre me gustou viaxar para ver ao meu equipo, pero o de ir a todos lados só foi desde a tempada pasada e foi porque de pequeno non podía ir a moitos sitios porque os meus pais por tempo e economicamente non podían ir, entón propúxenme ir un ano a todos os partidos.

Algúns dirán que apoias ao equipo da cidade, pero non de Sarria, por que?

A verdade desde pequeno era do Lugo e así seguín.

O SD Sarriana, cal é a túa opinión sobre o fútbol que eles promoven?

Están facendo as cousas moi ben, lograron o ascenso a 3RFEF e crearon a Sarriana B, creo que poden facer cousas interesantes.

Como valoras que xogadores do CD Lugo pasasen a ser xogadores da



Sarriana?

Pois para min a marcha de Pedro López naquel momento chocoume bastante, xa que xogara co primeiro equipo e tiña moi boa pinta. Sen dúbida, nesa marcha a Sarriana saíu gañando, aínda estando en preferente levaron a un central de moito nivel.

Pola outra banda, a marcha de Julen no persoal doeume, pero creo que aquí na Sarriana pode ter moitas oportunidades. Sen dúbida a Sarriana sobe o nivel do equipo e o Lugo perde dous talentos da casa.

Como é ser afeccionado do CD?

Lévase no sangue.

Como esperas que sexa esta tempada?

Espero e desexo que máis ilusionan-

te que a anterior, creo que xuntos se pode lograr o ascenso.

Seguirás viaxando co equipo a todos os partidos?

Vou tentar alongalo o máximo posible e seguir indo a todos, pero a ver ata cando podo, tentarei outra tempada máis, logo xa se verá.

Que é o que máis che gusta de ir a cada partido?

Coñecer cidades, xente e estadios de fútbol. Lévomne, en xeral, moi bos recordos de moitos.

Cres que algunha vez acompañarás da mesma forma a un equipo de Sarria?

Non o descarto, pero ao CB Sarria, teño moitos amigos alí, oxalá consigamos o ascenso.

O Club Porta Miñá queda sétimo no ránking feminino dos campionatos de España

A Asociación Española de Técnicos de Natación publicou a clasificación dos mellores equipos de natación do territorio español. Devandita clasificación valora a aqueles equipos que puntúan en campionatos nacionais en categoría alevín, infantil e júnior. No caso do Porta Miñá quedou situado en quinto lugar grazas á sétima posición dos júnior, a 12 dos alevíns e a 42 dos infantís.

“Isto é sen dúbida un gran reforzo ao noso traballo e ánimanos a seguir con máis ganas e ilusión”, apuntan desde o club. Esta satisfacción vén apoiada polo feito de que é a mellor clasificación dun club galego e en Lugo unha das mellores de todos os deportes a nivel colectivo.



O Breogán perdeu nun intre ante o Obradoiro na final da Copa Galicia

A edición 37 da competición copera galega deixou aos santiagueses como novos campións nun duelo ante Río Breogán que non deixou indiferente a un Pazo dos Deportes entregado co xogo.

Monbus Obradoiro recupera, co 68-69 da vitoria a condición de Campión de Copa que, tanto en 2021 como en 2022, fixeron súa os lucenses, e que nesta 2023 buscaron tamén ata os últimos segundos.

Detalles nos momentos finais déronlle a victoria ao Obradoiro nun partido que o Breo comandou no marcador durante moitos minutos. O equipo celeste tivo un tiro para gañar o partido pero a sorte non estivo ao lado breoganista.

Veljko Mrcic foi expulsado por dobre técnica tras protestar por unha arbitraje que non gustou no Pazo. Fernán Varela púxose á fronte do banco celeste.



A RFEF rende homenaxe a adestradores locais

O auditorio Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo vestiu as súas mellores galas para albergar a festa do Día do Adestrador, un evento organizado polo Comité Galego de Adestradores da RFGF. Foi unha xornada de fortes emocións, repleta de momentos para o recordo, un acto no que a formación, a lembranza cara aos que por desgraza xa non están entre nós e o recoñecemento por parte do fútbol galego aos nosos técnicos déronse a man no paraíso das Rías Baixas. A xornada, moi emotiva, concluíu coa entrega da Medalla de Prata da RFGF a Jonatan Giráldez, o técnico vigués do equipo feminino do FC Barcelona campión de Europa. O Comité Galego de Adestradores da RFGF tamén quixo render a súa humilde homenaxe aos que xa non están entre nós. Foi un ano especialmente duro para o fútbol galego, debido a que neste 2023 deixáronnos gran parte das nosas lendas.

Así, a RFGF quixo, desta maneira, lembrarse e render tributo ás figuras de Arsenio Iglesias, Luís Suárez, Amancio Amaro e ao xornalista Pepe Domingo Castaño durante a celebración desta nova edición do “Día do Adestrador”.

Un dos momentos máis emotivos e especiais chegou coa entrega de recoñecementos aos adestradores/as destacados/as que imparten maxisterio no fútbol galego.

O Comité Galego de Adestradores da RFGF que dirixe Iván Cancela quixo así, outro ano máis, recoñecer aos técnicos máis destacados da pasada campaña nas distintas especialidades que forman parte da RFGF (fútbol gaélico, fútbol praia, fútbol sala e fútbol) e a todos aqueles adestradores/as das distintas delegacións de Galicia pola súa traxectoria a prol do noso fútbol.

Entre eles destacan varios da provincia de Lugo. En fútbol campo destacou a figura de Fernando Corredoira, do EF Polvorín, como Adestrador destacado da Delegación de Lugo; Rafa Casanova, do CD Castro, como o máis destacado de Primeira Galicia; Brais Prado, da Sarriana, en Preferente, e Simón Lamas do Vilalbés, en Terceira Federación.

En fútbol sala, o máis destacado da Delegación de Lugo foi Manuel Martínez, Maradona, adestrador no Concello de Guitiriz e no Lugo Sala. Tamén se recoñeceu a Christian Costoya, do Rábade FS, en Preferente Norte; Iván Cao, do Xove, en Terceira División; Dani Díaz, do Lugo Sala, en 2ªB; José Carlos Martín, Chipi, do FSF Castro na Segunda División Feminina; Julio Delgado, do Burela, na masculina. Finalmente, tamén se recompensou o labor de Benigno García, seleccionador benxamín, equipo que foi campión de España.

Nace no Aberto das Noces un novo equipo de billarda

Co VII Aberto das Noces, organizado polo equipo de Billarda Verde no campo da Veiga do Olmo de Castroverde, arrincou unha nova tempada de billarda da conferencias NorLeste, cun total de setenta palanadores de oito equipos diferentes (48 homes, 16 donas e 6 cativos).

Presenteouse un novo equipo, Billarda Río Miño composto por vellos coñecidos e compañeiros que voltan a que sempre foi sua casa pola porta grande, con outro nome, mais coa mesma forza e gañas de sempre. Bo papel por equipos e, Cortón, *O Zorro*

Plateado, fíxose co primeiro posto cun pleno de 25 puntos.

O segundo e terceiro caixón foron para Charli de Carabullo con 23 puntos e para David Navallo de Troitas Bravas con 22, si ben este tivo que desfacerse de Basilio de Billardeiros Musicais nun reñido desempate.

Por equipos, o primeiro golpe dano os Billardeiros Musicais de Ribadeo por diante de Troitas Bravas da Pontenova e Madia Leva de Lugo.

Os mariñáns, coa volta de Markytos, son serios aspirantes o título e contan cun equipo feminino moi forte.

DE RUTA EN RUTA

De Portomarín a Palas

Supón a cuarta etapa do Camiño de Santiago Francés, o itinerario xacobeo con maior tradición histórica

En Portomarín dá comezo unha das etapas do Camiño de Santiago Francés, o itinerario xacobeo con maior tradición histórica e que conta cun gran recoñecemento a nivel internacional achegando a Galicia miles de peregrinos cada ano. A cuarta etapa do Camiño dentro de Galicia é a que vai dende Portomarín ata Palas de Rei e conta cun total de 25,1 quilómetros, dunha dificultade media e unha duración estimada de case seis horas.

Descendendo o río Miño chegamos a Portomarín onde na actualidade podemos ver o pobo que foi reconstruído a mediados do século pasado tras a creación do embalse de Belesar que permitiría a construción dunha presa para a produción de enerxía eléctrica. Ao novo pobo foron trasladadas pedra a pedra a igrexa románica de San Xoán ou a de San Pedro, así como un arco romano que se atopa na entrada da Vila ou os Pazos de Conde da Maza e Berbetoros. A igrexa románica de San Pedro é un dos principais atractivos de Portomarín onde destacan a súa fachada ornamentada e a torre



do campanario, de visita obrigada para aqueles que realizan o Camiño de Santiago. Ademais da súa beleza exterior esta igrexa conta con valiosas pezas de arte como retablos e esculturas de carácter relixioso. A igrexa de San Xoán, tamén de estilo románico pero de construción máis moderna, pertenceu á Orde de San Xoán de Xerusalén posteriormente chamada Orde de Malta e de igual maneira merece a pena facer unha pequena visita.

Para dar comezo a esta etapa sairemos de Portomarín cruzando o embalse a través dunha ponte para viandantes, se realizamos esta ruta no verán poderemos ver os restos do antigo pobo. A partir deste momento dá comezo unha intensa subida que segue o percorrido da estrada ata chegar á aldea de Gonzar nun tramo de oito quilómetros e dunha dificultade media alta.

Continuaremos ata chegar a Castromaior, que noutro momento histórico albergou un castro e pre-

to dos restos deste antigo castro podemos visitar a igrexa prerrománica desta aldea. A seguinte parada será en Vendas de Narón á que chegaremos a través dunha vía comarcal e que foi escenario no ano 820 dunha encarnizada batalla entre as tropas cristiás e musulmáis.

O camiño segue por A Previsa e Os Lameiros, onde poderemos visitar a capela de San Marcos para, a continuación, chegar a Ligonde. Este núcleo tivo un importante hospital de peregrinos e a súa arquitectura tradicional é hoxe un dos seus atractivos. Ademais, neste pequeno pobo destaca o seu cemiterio xa que os nichos están orientados cara á estrada.



Eirexe, Portos ou Lestedo serán algúns dos seguintes núcleos de poboación que nos atoparemos durante esta etapa. Neste último tramo, antes de chegar a Palas de Rei e lixeiramente afastado do camiño atoparemos o templo románico de Vilar de Donas. Unha igrexa románica do primeiro cuarto do século XIII, declarada monumento histórico artístico e que formou parte do antigo mosteiro alí situado, pertencente á Orde de

Santiago. Este templo esta afastado do camiño porque era un espazo para o recolleto e a oración.

Por último, continuaremos ata Brea onde nos desviaremos durante un pequeno tramo por un camiño que se une coa estrada xeral ata chegar á localidade de Palas de Rei. No casco urbano desta vila poderemos desfrutar da igrexa de San Tirso e finaliza esta etapa do Camiño de Santiago Francés.

DATOS



6 horas



25,1 quilómetros



Dificultade media



Que la miopía
**NO FRENE
SUS SUEÑOS**

Soluciones para
frenar el avance
de la miopía



Pide tu cita



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76



Nº R. S. E27-000138, E27-000394